

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 15 DE  
SETEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE  
AO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día quince de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte

concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

**2º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 26 de agosto de 2009, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2010**

Dada conta da Resolución de Alcaldía núm. 1573 de 26 de agosto de 2009, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar rexistrado de entrada o día 26 de agosto de 2009 co número 11 239, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2010.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 30 de setembro de 2009.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2010 o martes de entroido e o día 16 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 15 de setembro de 2009.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 1573 de 26 de agosto de 2009, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2010.

**3º Proposta de cambio do Plan de investimentos do exercicio 2006 respecto da obra Acondicionamento de fontes ruta “Arredor de Cambre”**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de setembro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 15 de setembro de 2009.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo non ten ningún inconveniente en que se modifique este asunto, pero si queren deixar constancia, como se recolle nos informes, de que o famoso remanente de tesourería que ten o concello non é porque haxa algún concelleiro que teña unhas dotes especiais para facer caixa, senón que é porque non se inviste. Di que esta é unha partida que se ven repetindo dende o ano 2006, polo tanto son 120.000 euros que tiveron no 2006 e non se investiron, foi remanente para o 2007, non se investiu, foi remanente para o 2008, é remanente para o 2009, e nesa situación se atopan. Di que é o que veñen denunciando dende fai moito tempo, que se fan uns orzamentos, perden o tempo en discutilos e, realmente despois non se executan.

Di que lles parece ben que se modifique, que se arranxen máis fontes, pero dende logo hai que facelo.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere aclarar ao grupo popular que o famoso remanente ao que se referiu, é un remanente que non ten dono, é dicir non hai ningunha partida asignada, porque hai dous tipos de remanente, un remanente que está vinculado a unhas obras, como neste caso, e outro remanente que non ten vinculación. Di que é certo que hoxe non están falando do remanente clásico, do cal xa é habitual falar nestes debates, senón dunha obra que viña de atrás, pero que non é do que falan habitualmente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que agradece a explicación, pero que hai un concepto que non entende o concelleiro de Facenda, que os cartos de Cambre si teñen dono, son dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo se alegra, en certo modo, desta modificación porque está en consonancia cunha moción que presentou o seu grupo que trataba sobre a creación de emprego a través de reparación de fontes e lavadoiros en todo o concello, pero pensan que se ten que facer dunha maneira moito máis ampla, non só reparando unhas fontes que están arredor dun roteiro. O Concello de Cambre ten moitas fontes dun valor histórico importante que se poden reparar.

Di que teñen algunhas dúbidas porque non saben cales van ser as fontes que se van a reparar, nin o criterio para considerar as que son dun maior valor patrimonial para levar a cabo a súa reparación, nin tampouco saben cales son os criterios de valoración. Gustaríalles saber se as fontes se van reparar con persoal contratado por unha empresa determinada, ou se se van a facer mediante contratación, como o seu grupo propuxo, mediante a creación dun obradoiro de emprego, onde se formaría á xente, nunha escola-taller para este fin, para recuperar o patrimonio e a riqueza cultural do municipio e, ao mesmo tempo, contribuír ao fomento do turismo e da economía local.

Conclúe dicindo que lle gustaría que se contestaran esas dúas dúbidas.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que esta modificación vén a conto dos acordos que se acadaron para os orzamentos. Naquel momento falouse de que posteriormente á aprobación dos orzamentos se ían a recuperar unha serie de temas pendentes. Un dos que se encontraron foi precisamente o tema da recuperación patrimonial, do máis interesante, porque estes elementos son de propiedade municipal, de valor etnográfico, en concreto as fontes, e en canto comezaron a mirar o asunto do que se deron conta foi de que non só eran as fontes que estaban dentro do roteiro, no circuito arredor de Cambre, senón que había máis que era interesante poder abordar.

Di que o que está facendo agora o persoal técnico é elaborar unha relación delas, e a decisión que está a tomar, porque son uns 120.000 euros, é priorizar as que teñen máis valor patrimonial, máis valor dende o punto de vista do patrimonio etnográfico municipal. En canto á outra pregunta di que, en principio, o que se modifica é unha partida de investimentos que non pode ir para contratación directa de persoal, é para contratación a través de contratos de obra ou servizo. Esta partida que se recupera está dentro do capítulo de investimentos e ten que facerse desa maneira, o cal non quere dicir que máis adiante, porque con isto non se vai agotar todo o que hai que facer, se poida facer igual que se vai facer agora coa brigada que se vai contratar para facer traballos na Barcala e noutras zonas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás solicita que cando teñan a relación das fontes que se van a reparar, que se lles pase aos grupos da oposición.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que así se fará.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que vai votar a prol deste tema, pero que está claro que o que non se pode facer é presumir de que sexa un remanente que está aí dende o ano 2006, porque se é certo que dende o 2006

estaba a partida prevista para ese fin, o único que se demostra é a parálise do goberno municipal durante tres anos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Cambiar o plan de investimentos do exercicio 2006 respecto da obra “*Acondicionamento de fontes ruta Arredor de Cambre*”, proxecto 2006-2-432011 por importe de 120.000,00 euros, substituíndo estas actuacións pola obra “*Acondicionamento de fontes e lavadoiros municipais*”.

#### **4º Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito: Suplemento de crédito 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de setembro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 15 de setembro de 2009.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que con este tema ocorre algo similar. Aprobáronse moi recentemente uns orzamentos municipais, que substituíron a outros que ao parecer non eran ambiciosos, e non deixa de ser unha proba da improvisación que o mesmo día que PSdeG-PSOE e BNG aprobaron os orzamentos xa fixeron unha modificación de crédito, e agora, no primeiro pleno ordinario despois da aprobación dos orzamentos, xa se ven na necesidade de facer unha modificación.

Di que hai unhas partidas que chaman a atención con respecto a unhas organizacións non gubernamentais, chama a atención que un concello como A Coruña vaia facer unha achega aproximada de 6000 euros, e Oleiros cun orzamento que é o dobre que o de Cambre vaia achegar 8000, algo menos que Cambre, que vai facer unha achega de 8600 euros. Sen entrar a debater neste momento se merecen esa achega ou non, si que é rechamante que Cambre faga unha achega superior a Oleiros, e sobre todo ao Concello da Coruña.

Di que o seu grupo vaise abster, non porque non lles pareza ben que se fagan estas cousas, senón porque non lles gusta a improvisación, e non lles gusta que PSOE e BNG aproben

uns orzamentos maravillosos, ambiciosos, bos para loitar contra a crise, e que xa os teñan que modificar o mesmo día que se aprobaron, e outra vez no seguinte pleno. Polo tanto, din si ás partidas que se aproban e non á forma de proceder.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, fai aproximadamente mes e medio que se aprobaron uns orzamentos e agora atópanse cunhas modificacións de crédito dunhas obras que, por outro lado, o seu grupo considera na súa totalidade, importantes e necesarias, tendo en conta que algunhas delas xa hai tempo que o seu grupo trouxo ao pleno, como, por exemplo, o arranxo do parque infantil da Balastreira en Cecebre.

Por outra parte, no referente ao tema dos camiños, quere insistir, e xa o dixo varias veces nos plenos, en que botan en falta que os grupos da oposición non participen en cales van ser os camiños de Cambre que se van a reparar, cales son os de preferencia. Pensa que a oposición debería participar, xunto co grupo de goberno, en decidir cales son os camiños preferentes para reparar. Neste sentido quere dicir que a anterior responsable de Obras e Servizos si ten contactado co seu grupo para valorar, máis ou menos, os camiños que se deberían reparar e cales eran os de máis urxencia, porque é un tema co que se poden dar bastantes malos entendidos.

Ademais sinala que o informe do enxeñeiro técnico tamén recolle que todas as parroquias de Cambre deberían ter, como mínimo, un parque infantil, e eles observan que algunha parroquia de Cambre nunca tivo ese parque infantil, e agora mesmo segue olvidada, como é o caso da parroquia de Cela.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que é estraño o que os anteriores voceiros xa dixeron. Pregunta como é posible que en abril se pida que se atrase a aprobación dos orzamentos para tratar de facer uns orzamentos máis elaborados, co acordo de todos, ou polo menos de todos os partidos que están agora no goberno, e que se chegue ata o verán sen aprobar eses orzamentos, e resulta que o único que debeu ser urxente neses tres ou catro meses que pasaron foi o pacto sobre os soldos do novo grupo de goberno, porque tras iso inmediatamente xa se comezaron a facer modificacións, a ampliar partidas, etc., partidas que antes se tiñan minorado, e tiñan as súas cousiñas.

Di que é curioso ver como tan pronto se aprobaron os orzamentos se comezan xa a facer modificacións en determinadas partidas, iso independentemente de que estean de acordo

nos temas, no seu fundamento, pero pensa que antes de traer o orzamento, e tendo en conta o atraso que tivo lugar, deberían vir elaborados doutra maneira, e utilizar os servizos municipais, aos funcionarios municipais para facer informes de temas importantes para os veciños de Cambre, e non dedicarse a facer informes continuamente para xustificar a irresponsabilidade do equipo de goberno, porque iso é ao que se teñen que dedicarse algúns funcionarios, desgraciadamente, a xustificar todo este tipo de cuestións que se fan aleatoriamente. Os técnicos custan cartos a todos os veciños de Cambre, e deben de estar traballando para os veciños de Cambre, non para xustificar a irresponsabilidade, a inoperancia dun equipo de goberno que lle parece que debe ter un pouquiño máis de seriedade.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que á hora de realizar o gasto nun concello existen dúas maneiras de facelo, e que todo o mundo fai en todos os lugares, unha é o orzamento e outra é a xestión de remanente, iso é así guste ou non guste e, claro está, para quen o teña, que moitos non o teñen. O diñeiro do remanente, como todos eles xa saben, non se pode utilizar no orzamento, non se pode utilizar o remanente para financiar o orzamento, e a iso obriga a lei. Como neste concello hai remanente o que fan é asignalo, e o que fan hoxe é un exercicio de asignación de remanente que non poderían legalmente facer no orzamento. Di que é curioso que algúns levando aquí tanto tempo non teñan aprendido o mínimo de xestión orzamentaria.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que lle parece lamentable que o concelleiro de Facenda presuma de ter millóns de euros de remanente non comprometidos, non asignados, outros que sobran de partidas que están asignadas pero que non se fan as obras. Non lembra que noutros exercicios pasados houbera eses remanentes, ao mellor había déficits, iso hai algúns anos para atrás, pero que agora se presuma de ter remanentes, millóns de euros e que os veciños estean en precario cun montón de servizos, e que non se lles atenda e se lles diga que non hai orzamento, parécelle que deixa bastante que desexar, e iso por moito que o concelleiro de Facenda lle diga que os veteráns deberían aprender un pouco. Di que ao mellor os veteráns saben máis que algún novato que ten que aprender como xestionar o diñeiro dos veciños de Cambre, en vez de estar pagando impostos por préstamos dos bancos, e por riba ter diñeiro alí a prazo fixo, no mellor caso.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que cada quen mira as cousas como lle interesa, pero que eles miraron esta proposta como unha demostración de eficacia, están falando de que, dende o día 22 no que se aprobou definitivamente o orzamento, hoxe xa se traen un montón de asuntos de importancia e de interese xeral, porque iso ninguén o discutiu, xa que son temas de interese para a xente do concello.

Di que seguramente todos lembrarán que o día que se aprobaron inicialmente os orzamentos, que foi no mes de xullo, un punto antes de aprobalos, aprobouse outro que era precisamente a incorporación de remanente para poder sacar adiante o proxecto de expropiación de terreos para o novo colexio de Lendoiro, fronte á Barcala. Quíxose facer así, pero co compromiso de que eses remanentes ían ir incorporándose a proxectos importantes. Iso é o que están facendo hoxe, escasamente vinte días despois de que se aprobara o orzamento, de que se poida dispoñer do diñeiro. Di que hai unha morea de proxectos que se van poder ver, e poderán falar de se se executan ou non co paso do tempo.

Continúa dicindo que, en relación co que comentou o voceiro de EU-IU, dende a súa concellería as cousas boas non pensan tocarlas nin o máis mínimo, e entre elas está a consulta, e a toma en consideración das achegas que se fagan dende os grupos municipais. Unicamente pode dicirlle que neste modificativo hai dúas cousas que teñen relación con camiños ou viais. Unha delas é a incorporación de remanentes para cubrir a parte que lles corresponde do convenio que hai poucos días asinou o Sr. alcalde coa Deputación, algo máis de 400.000 euros para un montón de asfaltados en diferentes zonas, polo tanto era unha obriga incorporalo para poder cubrir a parte municipal e poder executar esas obras. A outra cuestión que lles parece da máxima urxencia é intentar paliar, dalgunha maneira, un problema endémico de seguridade viaria na zona de Aián, entre a desviación da estrada de Culleredo e o campo de fútbol, que era un sitio por onde non se podía pasar, e pareceulles da máxima urxencia meter iso aí, pero, en todo caso, as consultas e a toma en consideración das opinións dos outros grupos, é unha cuestión que están dispostos a continuar facendo, igual que se viña facendo ata agora.

Conclúe dicindo que, efectivamente, pode chocar que se apoiem dous proxectos de organizacións non gubernamentais para cooperación, e que nalgúns dos proxectos se financie algo máis que noutros concellos, como A Coruña, pero que iso por si mesmo non di nada, e que habería que saber cal é a cantidade total e cal é a porcentaxe total que dedican concellos como A Coruña, ou Oleiros, á cooperación para o desenvolvemento. Habería que mirar se Cambre está ou non, en comparación con outros concellos cerca ou lonxe do 0,7%, que parece é a cifra na que teoricamente todos están de acordo en achegarse a ela para aproveitar este tipo de proxectos, e iso sería o que lles daría un pouco a idea de se realmente están facendo ben as cousas. Di que é probable que para próximos exercicios o sistema de elección de proxectos destas características varíe, que se faga por concorrencia, ou que se fagan procesos de selección, pero que, en todo caso, estes parécenlles interesantes e hai uns compromisos adquiridos e outros que se adquiren agora. Van poñer todos os medios para que estes proxectos vaian a bo fin, teñan repercusión nos sitios nos que se van a realizar, e teñan tamén algunha repercusión para Cambre, fundamentalmente para a xente



moza, que é á que pretenden explicarlle as cousas, pasárlles un pouco a experiencia, e os exemplos do que se fai.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que non quere que simplemente por calar se pense que están de acordo co que se dixo. Di que se falou de eficacia simplemente porque pasaron uns días e se presentaron ao pleno unhas modificacións de crédito. El quere preguntarlles para que se cren que están aí, para que se cren os señores do BNG, ou non sabe se son do BNG, que cobran e que lle custan aos veciños 200.000 euros. Di que el pensa que cando alguén lle custa aos veciños 200.000 euros, ten que ser moi eficaz, polo tanto non deben de creerse que isto é unha demostración de eficacia, para nada.

E con respecto ao que dixo o voceiro do BNG de que habería que saber se Cambre está cerca do 0,7% ou non, que se Oleiros si ou non, que se A Coruña si ou non, ..., debería ser el, que cobra, que está no goberno, quen lles diga e xustifique aos grupos da oposición se Cambre está ou non no Fondo Galego de Cooperación. Dille que o concelleiro do BNG debería ser quen o xustifique, non sembrar dúbidas, porque dá a sensación, do xeito que o di, que talvez o saiba e que os demais non. Por iso pídelles que lles diga as cifras de A Coruña, de Oleiros e de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Cubeiro que o que non lle pode pedir é que se responsabilice de palabras que dixo el. Quen fixo unha cita de comparativas sobre Oleiros e Cambre foi o concelleiro popular e, por tanto, debe ser el quen achegue as cifras para ilustralos a todos. Di que el non as sabe, pero que como o Sr. Cubeiro as afirmou dunha maneira tan convencida supón que as ten, e preguntalle se as sabe, porque se non é así parece que falou un pouquiño de máis.

Dille que Cambre, efectivamente, está no Fondo Galego de Cooperación e que dende a anterior lexislatura fan a súa achega e os representantes do concello participan nese fondo, do que forman parte moitísimos concellos e algunhas deputacións deste país.

O Sr. Cubeiro pide poder facer unha puntualización xa que nos informes que lle facilitaron algúns dos membros do equipo de goberno á voceira do PP é onde figuran as cantidades que achega Cambre, que achega Oleiros e a cantidade estimada que vai achegar A Coruña. Polo tanto, el está falando do equipo de goberno que é quen ten que convencer aos demais grupos. Dille ao Sr. Iglesias que aparenta saber, que fala moi ben, e que é un gran orador, pero que non sabe, non sabe o que achega A Coruña, o que achega Cambre ou o que achega Oleiros, se están todos eles cerca ou todos eles lonxe do 0,7%, non o sabe, e iso é o que ten que explicar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Cubeiro que o único que fai é enredar as palabras e intentar confundir. Di que el sabe perfectamente o que pon nos informes e que o Sr. Cubeiro tamén o sabe. Que o concelleiro do PP fai unha cita intentando facer unha comparación, e que iso non ven nos informes, e supón que cando fai esa cita é porque ten os datos. Pregúntalle se ten eses datos, se sabe canto dedican outros concellos a proxectos para o desenvolvemento, á solidariedade internacional. Di que só sabe o que ven nese informe, porque ese informe pasáronllelo eles, e o demais é enredar, e dille ao Sr. Cubeiro que vai ter máis puntos ao longo do pleno para enredar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por importe de 279.202,95 euros, de suplemento de crédito 3/2009 e de crédito extraordinario 2/2009 co seguinte detalle:

<b>Partida orzamentaria</b>		<b>Importe</b>
313A.480	Axudas de emerxencia social	15.000,00
313A.48002	Axudas usuarios A Escada	4.175,88
511.611	Estradas, camiños, viais públicos,...	55.000,00
432.611	Investimentos infraestrutura urbana	50.000,00
121.626	Equipos informáticos	15.188,95
452.622	Investimentos instalacións deportivas	63.138,12
432.625	Mobiliario urbano	30.000,00
451.48901	Escola de baile e música Sementeira	15.000,00
<b>Subtotal suplemento de crédito 3/2009</b>		<b>247.502,95</b>
222.624	Vehículo para policía	15.000,00
464.48902	C.A.M.P.O.S.	8.100,00
464.48903	Solidariedade Galega	8.600,00
<b>Subtotal crédito extraordinario 2/2009</b>		<b>31.700,00</b>
<b>Total modificación orzamentaria</b>		<b>279.202,95</b>

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
511.611	55.000,00	09-2-511001	Mellora rede viaria concello de Cambre
432.611	50.000,00	09-4-432007	Senda e pluviais en Aian
121.626	15.188,95	09-2-121002	Plataforma para prestación de e-servicios
222.624	15.000,00	09-2-222000	Vehículo para Policía Local
452.622	63.138,12	09-2-452006	ARUME:Sistema coxeneración e cuberta piscina A Barcala
432.625	30.000,00	09-4-432008	Parque infantil A Balastreira

A devandita modificación financiarase en 24.140,00 euros con cargo a baixas nas seguintes partidas:

Partida orzamentaria		Importe
451.22709	Escola municipal de música	15.000,00
464.48900	Entidades de cooperación ao desenvolvemento	9.140,00
Total financiado con baixas noutras partidas		24.140,00

E o importe restante, 255.062,95 euros, con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2008	2.156.195,12
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2009	1.078.696,58
Disposto neste expediente suplemento de crédito número 2/2009	340.262,36
Disposto neste expediente suplemento de crédito número 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009	255.062,95
Remanente líquido de tesourería despois desta modificación	482.173,23

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examina-lo e efetua-las reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

### **5º Aprobación, se procede, das bases das bolsas de estudo para o curso 2009-2010**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación e Deportes de data 1 de setembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística de data 15 de setembro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2009-2010, que se achegan así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2009 422 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tiraxe da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

### **6º Mocións**

O Sr. alcalde informa que hai unha moción que tiña presentado o PP para un pleno anterior, e que quedou pendente. Trátase dunha moción sobre o pacto contra o transfuguismo e teñen que votar a súa declaración de urxencia.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que esta moción quedara pendente o mes pasado do informe da secretaria municipal, e que lles gustaría ter copia dese informe, porque non o teñen.

O Sr. alcalde di que a secretaria da corporación se atopa de vacacións, e que poden tratar a moción ou deixala pendente para cando veña.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que entón quizais sería conveniente deixala unha vez máis, porque o pasado pleno o Sr. alcalde retirou a moción porque se necesitaba un informe xurídico da secretaria municipal, e ese informe non está, non existe.

O Sr. alcalde contesta que falaron do tema e que non hai ningún problema en que se trate a moción. O outro día era un pouco forte o contido, pero pensa que nos temas están todos de acordo. Di que para o próximo pleno ordinario xa estará a secretaria e que pode quedar para entón.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que é conveniente coñecer o informe, porque se foi a razón para atrasar a moción, a súa falta debería seguir sendo razón para agardar.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que, entón, corresponde tratar a moción presentada polo PP para o pleno de hoxe e que se refire á mellora das instalacións educativas de Cambre, e engade que hai outra moción presentada conxuntamente polo PSdeG-PSOE e BNG relacionada co mesmo tema, e que poderían tratar ao mesmo tempo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que os concelleiros do seu grupo non teñen esa moción e que, igual que aos grupos da oposición se lles retiran as mocións presentadas con urxencia porque non hai tempo a estudalas ou outras desculpas en cada caso, pensa que co equipo de goberno habería que facer o mesmo. Se presentan unha moción que non teñen os outros grupos, tamén habería que retirala.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que nestes casos procede votar a urxencia, e se o pleno o decide así, se debate, e se non se decide non. Di que está nas mans de todos eles.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o seu grupo fai mocións urxentes pero que as presentan antes do pleno, mentres que a moción do equipo de goberno é tan urxente que nin a teñen os da oposición.

O Sr. alcalde responde que é unha moción relacionada co tema da educación e que pensaba que a secretaria xa llela tiña entregado, pero que poden votar a urxencia e se sae aprobada, lela.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que hai que ser un pouco máis serios, sobre todo cando noutros plenos pasados non se trataron mocións dos grupos da oposición. Di que incluso presentando a moción en tempo e forma, segundo di o Regulamento orgánico municipal, hai que votar a urxencia, cousa na que non está de

acordo, porque sería cando se presentan fóra de tempo e prazo cando habería que votar esa urxencia.

Di que o Sr. alcalde negouse a votar a urxencia dalgunhas mocións presentadas polo PG, por estar fóra de prazo, e agora como é o equipo de goberno quen a presenta si se vai votar. Di que lle parece que hai que ser máis serios, e que se queren votar as súas, haberá que votar as dos demais tamén.

Continúa dicindo que é unha moción que traen con calzador, e que polo menos poderían tela traído ás comisións informativas para vela, non agora no pleno. Di que lle parece un abuso total e absoluto de poder por parte do goberno municipal, e concretamente por parte do Sr. alcalde.

Conclúe dicindo que, polo tanto, se nega a iso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo ten a moción que se lle entregou fai aproximadamente media hora. Di que consideran que é unha moción dun calado moi importante, tendo en conta a situación na que se encontra neste momento a actividade escolar no Concello de Cambre. Di que ten un calado importante, pero que non é menos importante o que se está dicindo aquí, porque el pensaba que o resto dos grupos tamén tiñan a moción, e resulta que non é así.

Di que o seu grupo dixo unha vez que ían votar todas as mocións, pero se os compañeiros concelleiros non puideron ver esta moción, entón eles tampouco poden votala, e iso que xa dixo que lle parece que é unha moción que ten unha trascendencia fundamental e importante, sobre todo nos momentos nos que viven, e que está atravesando a comunidade escolar do Concello de Cambre. Tamén quere dicir que non se podía chegar a este pleno con esta moción. Esta moción debería terse presentado moito antes, aínda que fora facendo un pleno extraordinario, porque a cousa e a urxencia o merecía, convocar a xunta de voceiros, ou convocar a Comisión Informativa de Educación, para tratar un dos temas cos que, ano tras ano, se están atopando cando comeza o curso escolar. Di que isto puido terse tratado polo menos fai 15 ou 20 días, ou máis, cando os pais dos nenos de Cambre se empezaron a mobilizar.

Ao seu grupo ningún membro do goberno o convocou para ningunha xuntanza, e isto xa se tiña que ter tratado. Xa no mes de febreiro o grupo de EU-IU insistía na elaboración e posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal, e aproveita, outra vez máis, para reprochar ao goberno e, sobre todo ao responsable de Educación, porque a resposta sempre é a mesma, con moi boas palabras, que están traballando para poñer en funcionamento o

Consello Escolar Municipal. Boas palabras, pero efectividade cero. Non houbo ningunha efectividade, e ese era o órgano de consulta necesario onde se tiñan que ter tratado estes temas, pero como non se fixo nada, tiveron que recorrer, fai unha semana, a denunciar ao Concello de Cambre ante o Valedor do Pobo, para que se poña en marcha ese órgano. Di que é unha vergonza que nun concello como Cambre, cos problemas que está tendo co ensino, que non se estea traballando dende ese órgano.

Conclúe dicindo que el pensaba que o resto dos compañeiros tiña a moción, e resulta que só a teñen eles porque llela deron fai media hora. Di que o sente porque considera que é unha moción moi importante dado o momento que está atravesando a comunidade escolar neste concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que van votar a urxencia da moción presentada polo PP e que logo xa votarán a urxencia da presentada polo PSdeG-PSOE e BNG.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez proponlle ao Sr. alcalde que, dado que antes dixo que a moción é similar á que presentou o PP, e a moción do PP presentouse en forma e prazo, de feito di que xa a presentaron o ano pasado, pensa que non habería problema en tratar a do PP, e que incluso se pode mellorar, porque eles xa dixeron en moitas ocasións que non teñen inconveniente en que as súas mocións sexan melloradas. Di que a moción do PP está feita coa mellor das intencións e que, polo tanto, poderíase ampliar, mellorar e discutir, pero pensa que o que están facendo coa moción do grupo de goberno é grave e deberían retirala.

O Sr. alcalde contesta que a súa moción, igual que a do PP, aprobouse en setembro do ano pasado.

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, di que lle gustaría facer unha pregunta de procedemento, e ver se, dada a importancia do tema, se podería facer un receso de cinco minutos para intentar presentar unha moción única de todos os grupos.

O Sr. Taibo Casás manifesta que o mellor sería que todos os grupos fosen capaces de presentar unha única moción transaccional, en beneficio de todos, porque hai que tratar de enriquecer as mocións, non pelexar aquí unha moción contra outra.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, reconece que houbo un problema porque, efectivamente, non se entregou a moción, aínda que as copias quedaron a mediodía en Secretaría e el pensou que ían ser entregadas, pero di que se fai el responsable dese asunto. En todo caso, di que é moi interesante o debate formal, que é importante, pero pensa que

neste momento a responsabilidade é que o pleno poida ter unha declaración por unanimidade sobre un problema que, un ano máis, están a sufrir, e que iso poida axudar a resolver a situación, pero que cada forza política, no momento da declaración de urxencia terá que asumir a súa responsabilidade. El cre que a intención de quen redactou a moción é presentala, para que teña a súa declaración de urxencia positiva, e poder adoptar unha declaración unánime no pleno, parécelle que iso é o importante de cara aos veciños e veciñas de Cambre, non o outro. Di que o outro haberá que corrixilo, efectivamente, haberá que facer moitas cousas nese tema, como noutros, pero que se sae rexeitada, a súa intención é presentala de novo no pleno ordinario da semana que vén, aínda que sinala que están nos días claves, nos días nos que se están xogando as decisións por parte da Consellería para sacar adiante, para solucionar ou non os problemas, e pensa que unha declaración unánime do pleno do Concello de Cambre apoiando estas cousas é importante.

Conclúe dicindo que, en todo caso, cada forza política debe xulgar o que ten que facer, que faga as súas valoracións e tome a súa decisión.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que, efectivamente, cada grupo político terá que tomar a súa determinación e decisión, pero sinala que tiveron unha xunta de voceiros para tratar os asuntos deste pleno o día 10, o xoves pasado, e se tiñan ideas ou ganas de facer algo por este tema, os problemas xa estaban aí o día 10, e poderían ter falado de facer unha moción conxunta para tratalos, pero non se dixo nada, senón que apareceu unha moción do PP, en tempo e forma, e entón, automaticamente, o día 14 fíxose unha moción por parte do goberno municipal, unha vez que viron a do outro grupo.

Di que ese tipo de trampas non é responsabilidade, a responsabilidade sería ter dito o xoves que querían incluír este tema, igual que se falou dos outros puntos que se trouxeron á orde do día, e preguntar aos outros grupos que lles parecería facer unha moción conxunta para tratar o tema de educación no Concello de Cambre, pero non o fixeron, e agora presentan unha moción e queren que se trate. Parécelle moi ben, ese é o seu problema, pero el non está para nada de acordo en que se traballe así. Hai que traballar con responsabilidade, os veciños de Cambre puxéronos a todos aí para traballar con responsabilidade, para traballar por eles e defender os seus intereses, non para andar xogando con eles desta maneira.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que lle parece escandaloso que se presente unha moción fóra de prazo e que ademais se pretenda que sexa aprobada por unanimidade, que é o que acaba de dicir o Sr. tenente de alcalde, e que, por riba, se fale da responsabilidade dos demais grupos.



Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el tivo coñecemento de que se presentaba esa moción porque puido lelo nos medios de comunicación, na prensa, por iso soubo que o equipo de goberno ía presentar unha moción nese sentido, pero non coñeceu o contido da moción ata hoxe.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

#### **A) Moción do grupo municipal do PP para a mellora das instalacións educativas de Cambre**

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, explica que nesta moción mantiveron a data do ano pasado, 25 de setembro de 2008, porque esta mesma moción a presentaron o ano pasado e foi rexeitada cos votos de PSdeG-PSOE e BNG.

Rexistrada de entrada ao núm. 11899 o día 11 de setembro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“A situación na que se atopan as infraestruturas educativas do noso municipio é alarmante. En setembro do ano pasado o Partido Popular presentou unha moción para instar tanto á Xunta de Galicia entón gobernada polo bipartito como ao Concello de Cambre para que deran unha solución a esta lamentable situación. Igual que o ano pasado, este ano os veciños de Cambre volvéronse manifestar para esixir unhas instalacións e uns servizos educativos dignos para os seus fillos.

En setembro de 2008 esta moción, que hoxe volve a estar de plena actualidade, foi rexeitada polo PSOE e o BNG de Cambre. Non obstante, estas forzas políticas que entón rexeitaban esixir ao goberno da Xunta de entón, non dubidan en reclamar agora o que eles mesmos votaron en contra. Mentres tanto, os pais seguen sen atopar solucións á situación dos seus fillos e moitas familias deben acudir a solucións extraordinarias pola incapacidade das administracións responsables de solucionar as carencias dun servizo ao que teñen dereito.

A Xunta de Galicia e o Concello de Cambre deben exercer as súas responsabilidades e dar explicacións aos veciños de Cambre dos motivos polos que estas se atrasan. É inconcebible que cuns colexios obsoletos dende fai polo menos 3 anos o alcalde de Cambre non teña posto todo o seu empeño en adquirir os terreos para a construción dun novo coa maior urxencia. É obriga desta corporación instar ao goberno local a que cumpra coas súas obrigas. E é responsabilidade do alcalde esixir ao seu goberno que poña todo o seu empeño

en adquirir os terreos para a construción dun novo colexio que solucionará en gran medida as carencias de comedor escolar e de prazas escolares que sufrimos en Cambre.

Cambre non pode seguir sufrindo o constante atraso na dotación de servizos públicos por máis tempo.

O noso grupo aposta pola construción dun novo colexio como solución definitiva ás carencias que existen, pero somos plenamente conscientes de que deben abordarse solucións provisionais con urxencia, xa que xa son moitos os veciños do noso concello que están sufrindo as consecuencias da falta de previsión municipal. Por estes motivos, insistiremos en requirir á Xunta para que amplíe os colexios de Cambre e que os dote de máis prazas de comedor escolar. E por outro lado, esiximos ao goberno local que repare os danos que lles está causando aos veciños a súa falta de acción. É o goberno local o que debe adquirir os terreos para a construción dun novo colexio. Mentres non o faga, será responsabilidade do goberno local de Cambre que se manteña esta situación.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes

## ACORDOS

Primeiro: Esixir ao goberno local de Cambre que adquira con urxencia os terreos para a construción dun novo colexio en Cambre. E así mesmo, instar á Consellería de Educación a que unha vez adquiridos os terreos acelere a redacción do proxecto e a licitación das súas obras.

Segundo: Esixir á Consellería de Educación que inicie os trámites oportunos para a ampliación dos colexios de educación infantil e primaria de Cambre, incluíndo en todos os casos a dotación dun maior número de prazas de comedor escolar.

Terceiro: Instar ao equipo de goberno local a que inclúa unha partida específica nos vindeiros orzamentos municipais para a axuda de comedor aos pais dos nenos que se teñan quedado sen praza durante este curso nos colexios do noso municipio e que acrediten a imposibilidade de atendelos persoalmente.”

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación e Deportes, manifesta que observan na moción unha serie de inexactitudes. En primeiro lugar, respecto da ampliación de instalacións de colexios en Cambre, o día 9 deste mes foi

publicado no BOP a expropiación forzosa dos terreos en Lendoiro, que levan case un ano intentando conseguir.

Con respecto ao segundo punto, que fala da ampliación dos colexios de educación infantil e primaria en Cambre, dilles que ampliar as instalacións de moitos colexios é practicamente imposible pola falta de espazo dentro dos recintos escolares que hai, e iso, dito por técnicos da consellería. Ten que haber un número determinado de metros, de espazos libres, ou de recreo, e se ampliásen as instalacións non se cumpriría con iso. É un tema que se consultou coa consellería e os técnicos estiveron en Cambre, xa fai un ano, e hai colexios nos que non é posible a ampliación.

Segue dicindo que, con respecto ao terceiro punto, que é polo que non lles parece moi adecuada esta moción, non saben a que se refiren con que nos orzamentos municipais se inclúa unha partida para axuda de comedor aos pais dos nenos que teñan quedado sen praza. Di que as axudas están reguladas por parte da consellería, segundo a renda, puidendo ser gratuítas, pagando unha parte, ou todo. O que propoñen suporía que o concello tivera que preparar un servizo fóra do recinto escolar, xa que dentro deses recintos a consellería di que non hai espazo suficiente, e alugar uns locais, contratar un catering, é dicir, facer de empresarios de hostelería, e iso non é posible legalmente. Di que por iso non sabe a que se refiren co da partida que inclúa axudas para os nenos que queden sen praza.

Continúa dicindo que o que si fixeron, dende o mes de xullo, é ofertar á consellería a que, se había que facer obras de ampliación dos comedores escolares nalgún colexio, o concello estaría disposto a achegar ata un 50% do custo desas obras, e non tiveron resposta. É un problema que só se dá nun dos colexios, nos demais colexios este ano non existe o problema para ampliar as prazas de comedor, senón que só se trata de que a consellería achegue a cantidade suficiente para que eses nenos poidan comer, e que dea o permiso para ampliar o número de prazas de comedor.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que esta moción xa a presentou o PP no pleno do 25 de setembro do ano 2008, e xa entón lles faláron de que ían adquirir os terreos, e agora o concelleiro de Educación acaba de dicir que o 9 de setembro de 2009 se publicou o anuncio de expropiación. Todo iso, despois de telo atrasado innecesariamente, porque sabían que o PP se tiña ofrecido a facilitar a aprobación dos orzamentos cunhas condicións, e unha delas era precisamente esa. O grupo de goberno preferiu atrasalo dous meses e chegar a outro acordo de difícil explicación, polo tanto, o propio goberno local atrasou este tema sen necesidade.

Continúa dicindo que, en segundo lugar, o concelleiro de Educación dixo que ampliar os colexios é imposible, e el se pregunta que se o ten tan claro, entón para que está aí, xa que o concelleiro de Educación o que ten que facer é esixir a ampliación, chegar ao límite do que lle permita a normativa e, pola contra, está a dicir que ampliar os colexios é imposible, e así mal van.

Tamén dixo o concelleiro de Educación que non sabe a que se refire o punto terceiro, e dille que esta moción xa a presentaron no 2008 e que agora o PP volveu a presentala en prazo, e que se non entendía un punto tamén podía ter preguntado, non é de recibo que diga que non o entende, porque ademais está moi claro.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde dixo que Cambre esixiu, mediante un burofax, unha reunión con Educación, á vez que criticou ao PP por facer un uso partidista da administración porque reciben aos concelleiros do PP e ao alcalde non.

O Sr. Cubeiro Martínez amosa o escrito de solicitude que o PP de Cambre presentou no mes de xuño, e di que mañá os vai recibir o secretario da Consellería de Educación, pero porque o pediron no mes de xuño. O Sr. alcalde dixo no xornal que mandou un burofax, o cal dá unha sensación de forza, de esixencia, pero o que non dixo o Sr. alcalde é que a solicitude de reunión fíxoa o día 2 deste mes, e tampouco dixo o Sr. alcalde que ese escrito ten o selo do Concello de Cambre, porque o concello, por convenio coa Xunta, ten xanela única e posiblemente a Xunta non teña coñecemento aínda de que iso se presentou, porque se rexistrou en Cambre o día 2, non na Consellería de Educación. O día 11 volveron a mandar unha solicitude, selada en Cambre, non na consellería, e o día 14 o Sr. alcalde dixo que mandou un burofax porque non os reciben. Non os reciben porque o goberno local non se molestou, non traballou e non se preocupou.

Continúa dicindo que hai máis, que o ano pasado o BNG presentou unha moción moi similar ao do PP, e non obstante, votaron en contra da moción do PP e aprobaron a outra. Foi o ano pasado, o alcalde xa era alcalde, e levaban uns meses gobernando, pero ninguén se acordou dos comedores ata agora. Di que o PP, o 29 de abril de 2009, xa preguntou pola ampliación do colexio do Graxal, porque había un problema coa tubaxe, un problema cun convenio. O PP si está traballando no tema dos colexios.

En maio do 2009 o BNG preguntou ao equipo de goberno polos compromisos do novo goberno galego. Estaban moi preocupados porque acababan de perder o goberno da Xunta e presentaron unha moción para instar á Xunta de Galicia, do presidente Feijoo, a que mantivera os compromisos, pero o curioso é que se preocuparon por unha gardería, que agora xa non se chama galescola, chámase escola infantil, pero, pola contra, non se

acordaron do comedor escolar. O ano pasado si, fixeron unha pregunta sobre o comedor escolar, e a resposta xa saben cal é.

O Sr. Cubeiro Martínez di que o 22 de xullo do 2008, cando se estaba co convenio de cesión dos terreos para ampliar o colexio, que saben que despois de moitas promesas non vai estar listo, foi cando o alcalde dixo a única verdade que lle escoitou dende que el está aquí como concelleiro. O Sr. alcalde amosou a súa satisfacción despois dos atrasos acumulados polo proxecto debido a problemas na cesión do solo por parte do goberno local. Di que esta é a única verdade que lle recorda ao Sr. alcalde, pero que, claro, non podía evitar dicir que o PP estaba facendo demagogia, e que o colexio ía estar listo para o inicio do curso. Como todos poden ver, o colexio non está.

Sinala que o 25 de xuño o goberno municipal publicou unha nota de prensa na que se dicía que o alcalde de Cambre, Antonio Varela, xunto co concelleiro de Educación, Jaime Lisnier, mantiveron eses días (non se sabe nin que días, nin que hora) unha reunión en Santiago co secretario xeral de Educación, para analizar a situación de diversas actuacións. Di que faláron non sabe de que, e do financiamento dun polideportivo no Portofaro que vai ser ao 50% Xunta e Concello de Cambre. Di que, cando foron as eleccións municipais, houbo un grupo de pais que se manifestaron reclamando ese polideportivo cuberto, e o Sr. alcalde naquel momento dixo que xa estaba asinado o convenio a partes iguais, concello, Xunta e deputación. Iso era falso, pero cando un conta mentiras, e conta moitas, olvídase. Fai tres anos din unha cousa, fai tres meses, din outra.

Continúa dicindo que na carta que o Sr. alcalde di que presentou na Xunta, e que realmente se presentou no concello hai uns días, fala diso, pídlle ao conselleiro que colabore na construción do polideportivo ao 50%, ou sexa, que en xuño din que unha cousa está feita, diferente de como estaba fai dous anos, e agora resulta que tampouco é verdade.

O mércores 15 de outubro o Sr. Lisnier sae na prensa é di que, unha vez solucionado o problema de escaseza de prazas de comedor no Graxal II e Portofaro, o único centro que está pendente dunha actuación neste sentido é o Wenceslao Fernández Flórez, cuxo comedor se rexe por un sistema diferente ao dos demais colexios cambreses, e que depende en exclusiva da Xunta. Isto díxoo o Sr. concelleiro o mércores, non obstante o alcalde sae o sábado na prensa dicindo que son 60 prazas en Cambre, 40 nun dos colexios do Graxal e 27 noutra. É dicir, o alcalde di unha cousa e o concelleiro de Educación di outra. E tamén é curioso que o concelleiro dixo iso o mércores, e o venres a directora do colexio de Cambre dixo que non son 60 senón que son menos de 50 porque houbo 16 baixas.

Di que os membros do equipo de goberno contradinse porque non están dicindo a verdade, non están traballando. Hai uns días houbo unha manifestación diante do concello na que estaban un grupo de pais afectados, na que tamén estaban uns concelleiros que agora xa forman parte do goberno local, que lle custan aos veciños de Cambre 200.000 euros, e todo o que se lles ocorre dicir é que presionen, que eles os van apoiar. Pregunta se é de recibo que a eses concelleiros que custan 200.000 euros ao ano, o único que se lles ocorra dicir aos pais é que presionen, que os van axudar.

Conclúe dicindo que pensa que quedou meridianamente claro que os concelleiros do equipo de goberno nisto nin traballaron, nin se acordaron, nin se preocuparon, e dende logo están confundindo á xente.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier dille ao concelleiro do PP que houbo negociacións coa Xunta. Reclamacións de prazas de comedor, dende o 30 de setembro, que foi cando se soubo as solicitudes que había. Estiveron sempre en contacto coa consellería. Durante o mes de xullo, quixeron contactar con eles varias veces, e os responsables estaban de vacacións ata o 15 de agosto. Dende o 15 de agosto chamaron continuamente e dixéronlles que non, que era ata o 30 de agosto. Por fin o 30 de agosto lograron contactar cos responsables, e estes contestaron que eles se atían aos contratos que tiñan asinados coas empresas subministradoras, iso no caso dos colexios con catering, e nada máis, é dicir, en todo o verán imposible falar con eles.

Respecto da entrevista que tivo, xunto co Sr. alcalde, co director xeral de Construcións Escolares, e o secretario da Consellería de Educación en Santiago, efectivamente, tiveron esa reunión no mes de xuño, non lembra exactamente a data, e falon do polideportivo. Di que había un protocolo asinado coa deputación, non un convenio, porque os convenios asínanse despois de que os proxectos estean feitos, e despois a deputación dixo que non podía achegar nada, polo que nesa reunión está asinado un protocolo coa consellería, pensa que xa estaba asinado anteriormente, de que ese polideportivo ía facerse ao 50%. Na reunión, os técnicos dixeron que un polideportivo non podía ser, que o que se podería facer sería un ximnasio e cubrir a pista, achegando o 50% cada unha das partes. Sinala que tiñan o proxecto feito, e que incluso dispoñen dunha copia do proxecto que estaban terminando de elaborar. Ao que si se comprometeron foi a que, no mes de setembro, cando a Xunta aprobe os orzamentos, aprobarán a partida dese proxecto, e asinarase o convenio. Di que esa é a promesa que teñen por parte da consellería e que agardan que a cumbran, porque niso quedaron e o protocolo está asinado.

Pídelle ao concelleiro do PP que non diga que non estiveron traballando, porque mesmo no día de onte, e o pasado venres, estiveron en contacto coa consellería, con comedores

escolares, para tratar de solucionar o tema, e ata agora na Coruña dixéronlles que había unha negativa de Santiago á ampliación de prazas nos comedores escolares. Seguen exactamente igual, pero non lles poden dicir que non trataron de solucionar ese problema, porque si trataron de facelo, igual que tamén se ofreceron a que, se había que facer nalgún colexio ampliación do comedor escolar, que o concello achegaría ata un 50% do importe, e non recibiron resposta a iso, así que o concelleiro do PP non debe dicir que non traballaron no tema.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que é realmente triste que se intente desviar un problema que é importante, que debería suscitar a unanimidade, e no que deberían poder chegar a puntos de encontro, incluso limar os matices políticos que cada un lle queira meter ás cousas, porque realmente, todas as voltas que lle están dando é para xustificar que a Xunta non quere poñer 3 euros diarios por neno nos colexios do Graxal e Portofaro, así como amañar tecnicamente, coa colaboración do concello, que xa fai un ano que está ofrecida, a ampliación do comedor. Iso é o que están facendo, porque a competencia é da Xunta, non é municipal, o que pasa é que parece que co novo goberno do PP hai que chegar aos vellos tempos nos que os concellos tiñan que asumir cousas que a Xunta non quería facer, montar comedores, axudas para comedores, ..., parecía que as cousas comezaran a cambiar, e de súpeto, outra vez o mesmo. Di que o problema que hai nos comedores de Cambre é que a Xunta ten que pagar o comedor para 111 nenos, que son os que agora mesmo están sen praza, en Cambre, no Portofaro e no Graxal, cun agravante, ademais, porque, efectivamente, o problema do colexio de Cambre é tecnicamente complexo, pero para iso están os técnicos, para que o amañen, e hai ofrecemento de colaboración, pero di que no Portofaro e no Graxal hai prazas libres na segunda quenda, e que o único que habería que facer é dicir: “Aí están os euros”, e despois que mirasen, en función da renda, se teñen que pagar ou se non teñen que pagar, pero que o fagan, e que o faga a administración que ten competencia para iso.

Dille ao Sr. Cubeiro que o único que lle importa é facer un discurso político, atacar ao alcalde, atacar ao goberno, ao BNG, pero pídelle que escolla os temas, que coas cousas de comer, e nunca mellor dito, non se debe xogar.

Tamén quere aproveitar para comentarlle ao Sr. Cubeiro outra cousa, dille que nos plenos, ou a través dos medios de comunicación, o concelleiro do PP ilustraos con teorías políticas interesantísimas, ou máis ben que con teorías políticas, con métodos de facer política, como descubriron este domingo a través dun medio de comunicación, no que, por exemplo, o Sr. Cubeiro ten recordos para os fillos do voceiro do BNG. Dille que é increíble, e que cando leu iso o que se lle ocorreu foi que realmente o que el pensaba de que, a pesar do tempo que xa levaba sendo concelleiro, parecía que ao Sr. Cubeiro lle faltaba algo para ter a

capacidade suficiente para entender as cousas, para facer política, e mesmo para defender os seus intereses, xa non era só un problema de capacidade, senón que era un problema de que tiña unha talla moral moi baixa.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que isto está chegando a uns límites asombrosos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el ten que tolerar que o Sr. Cubeiro insulte, difame, que fale da súa familia nos medios de comunicación, e que agora ao concelleiro popular lle parece estraño que llo bote en cara.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que é moi importante facer unha aclaración, porque isto chegou a uns niveis de baixeza tremendos, e non está disposto a aceptar o que o voceiro do BNG acaba de dicir.

O Sr. alcalde pídelle que primeiro deixe terminar a súa intervención ao voceiro do Bloque.

O Sr. Cubeiro pregunta como pode escoitar isto e estar calado, co que se acaba de dicir, di que non o pode consentir de ningunha maneira, porque é increíble a onde chegan as cousas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo continúa dicindo que a diferenza entre eles é que el non citou aos fillos do Sr. Cubeiro, e o concelleiro popular si citou aos fillos do voceiro do BNG, esa é unha diferenza importante entre eles, e supón que todo o mundo se dará conta dela, pero, ademais diso, o concelleiro popular ilústraos con teorías que a quen llas ten que explicar é aos pais. Esa é a diferenza de concepto entre desexo e dereito.

Dille que o que tiña que facer é botar unha man entre todos, chegar a acordos para entre todos dicille á Xunta que ten que poñer 3 euros diarios por neno nos comedores escolares, iso é o que ten que facer, botar a man, arrimar o ombro, non intentar facer discursos políticos sobre absolutamente calquera tema, que é ao único ao que se dedica. Pregúntalle que lle importa á xente faxes, burofaxes, escritos, ..., o que lle importa á xente é que a Consellería de Educación sabe perfectamente cal é o problema, sábeno dende fai un ano, sábeno dende o remate do curso, e sábeno a través do verán.

O Sr. alcalde pide orde e dille ao Sr. Iglesias que termine coa súa intervención.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non sabe se haberá que cambiar o regulamento para que sexa o Sr. Cubeiro o que dirixa o pleno porque é unha cousa increíble. Di que todo o que dixo é para que conste en acta, e pídelle ao Sr. Cubeiro que tome boa nota, porque hai



actitudes e cousas que non gustan nada, non só a el, senón a moita xente que as escoita por aí.

Segue dicindo que, con respecto á moción, que era o tema que estaban a tratar, efectivamente é a mesma que no ano 2008, é a mesma que foi rexeitada pola corporación, porque a corporación aprobou outra sobre o mesmo tema que presentou o BNG, e que se adoptou por unanimidade, sobre o tema dos comedores, sobre a ampliación de prazas, e sobre o ofrecemento de colaboración municipal para que se arranxara o problema. Di que leron a moción que presentaron fai un ano, pero que non leron a acta, porque volven cometer os mesmos erros. Non colle en ningunha cabeza por moitos motivos, motivos pedagóxicos, educativos, por motivos patrimoniais, por espazo físico, que haxa colexios en Cambre, en concreto os que citaron no debate, os de Portofaro e Cambre, que se poidan ampliar, porque aínda que se puideran ampliar, en todo caso, o que ían acadar é que o problema dos comedores se agravara, se hai máis nenos haberá máis necesidade de prazas. Di que ese non é o problema, o problema ten que ser crear prazas novas en colexios novos.

O día 10 de xullo deste ano aprobáronse os orzamentos, e como xa dixo anteriormente, antes dos orzamentos aprobouse a partida para poder afrontar a expropiación dos terreos de Lendoiro para a construción do novo colexio. Di que pensa que foi o 14 de agosto cando o Sr. alcalde asinou a resolución pola que se iniciaba o expediente, que saíu publicada o día 9 de setembro no BOP, antes de fin de ano a Consellería de Educación vai ter á súa disposición os terreos para o novo colexio, e esa é a solución. Pero mentres iso ocorre hai que solucionar os problemas de hoxe, o problema dos 111 nenos e nenas aos que lles faltan 3 euros diarios por cada un para poder comer nos colexios, e iso é o que hai que esixir unanimemente dende este pleno á Consellería de Educación, e iso non é o que pon a moción do PP, o que hai na moción do PP é fume para confundir e desviar os temas.

Conclúe dicindo que fai un chamamento último á responsabilidade, pensa que é necesario, para que todo o mundo adopte esta posición unánime de reclamación. Di que a fin de contas están defendendo os intereses da xente do concello, non os intereses dunha sigla política pola que se presentan.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el deu unha rolda de prensa o pasado sábado e falou dos libros de texto. Dixo que este ano vai haber unha axuda directa ás familias con menos medios para a compra dos libros, e que non é de recibo que se pague esa axuda aos fillos de xente como pode ser o alcalde. Di que el se referiu aos soldos, nunca se referiu aos fillos. A xente que cobra como o Sr. alcalde 60.000 euros, ou como o concelleiro do BNG, unha cantidade similar, non é de recibo que se lles paguen os libros dos fillos, pero falou deles, non dos seus fillos, falou dos que cobran eses soldos, que

son, ademais, uns soldos procedentes do diñeiro público. Polo tanto, di que el nunca fixo unha mención aos fillos de ninguén, nin é a súa intención facelo. Pensa que sempre foi moi respectuoso cos temas persoais, nunca se meteu en temas persoais, non como eles, que fixeron informes sobre as súas actividades particulares e persoais, dando ordes á Policía Local e Urbanismo de investigalo. Di que eles si fixeron iso, pero que el nunca se meteu nesas cousas, e que o alcalde lembrará que tiveron conversacións sobre iso. Polo tanto, é gravísimo, penoso e lamentable, falar de catadura moral e desas cousas, e o único que el dixo foi que as axudas son para os libros de texto, e puxo como exemplo xente que cobra 60.000 euros, el non falou dos fillos do concelleiro do BNG, nin sabe como se chaman nin os coñece, e polo tanto esa non é a cuestión, pídelles que non se vaian por aí.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle parece que están a dar un espectáculo lamentable. A xente que acude aos plenos, vén ver se son capaces de arranxarlles un problema que, como dixo antes, xurde todos os anos cando comeza o curso, e o que están facendo e tirarse reproches entre o PP e o equipo de goberno. Di que el ten claro que hai dúas administracións, a local e a autonómica. A local é a que ten que prever e demandar da Xunta que arranxe os problemas, e a Xunta de Galicia ten que arranxalos. Pero ata este momento nin unha, nin outra, solucionaron absolutamente nada. Viñeron a este pleno e botan media hora con este punto, falando de faxes, burofaxes, notas de prensa. Pregunta de que están falando aquí, de arranxar un problema aos rapaces e aos seus pais, ou de tirarse os trastes á cabeza, porque sempre é a mesma historia.

Continúa dicindo que, en todo caso, se este problema non se arranxa, el pensa que o alcalde, encabezando á corporación, é o que debería tratar de mobilizar aos pais e a todo o concello, que ao mellor é o que tiñan que ter feito antes, e non ir por detrás dos pais, porque os que os estiveron empuxando foron os pais. Hai que ir diante do problema.

Con respecto á moción do PP sinala que o seu grupo xa dixo no anterior pleno no que se presentou esta moción que consideraban a sensibilidade do PP ante o problema, pero que había unhas cuestións nas que non podían estar de acordo, como por exemplo, o punto dous que se refire á ampliación dos colexios Portofaro e Wenceslao que non procedía, por diversos temas que aquí xa se expuxeron. O colexio Portofaro porque había recibido un premio pola súa construción, e o Wenceslao Fernández Flórez por estar ao lado do castro de Cambre, e polo espazo que hai que reservar para o ocio dos rapaces.

En canto ao punto terceiro, que fala de dar unha axuda aos pais dos rapaces que non acadan praza, non sabe, e talvez a interventora o poida dicir, se iso pode ser incluso legal. Realmente os pais non están pedindo diñeiro, sempre se fala da conciliación da vida laboral e familiar, e os pais o que piden é que se arranxe un problema.

Conclúe dicindo que se eliminan o segundo e terceiro punto o seu grupo non tería ningún problema en votar a prol da moción do PP, porque consideran que o PP está amosando unha sensibilidade respecto dun problema, como poden ter o resto dos grupos. No pleno anterior o BNG tamén tiña presentado unha moción, que baixo o punto de vista do seu grupo era moito máis extensa e completa, e para eles moito máis en consonancia co problema, e votaron a prol dela, unha moción que tamén ten moito que ver coa moción que lles presentaron fai un anaco. En conclusión, di que retirando o segundo e terceiro punto votarían a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que o que está a pasar é lamentable, non tanto para os veciños que están aquí, porque a algúns interésalles un tema e a outros, outro. Os que están aquí son catro comparados cos que están fóra, e se os que están fóra viñeran a escoitar o que hoxe están facendo neste pleno, un espectáculo coa educación dos seus fillos, pensa que os tirarían a todos á ría, e cunha pedra ben grande colgada do pescozo, porque é lamentable cando todos saben os problemas educativos que hai no Concello de Cambre. Todos falan do que fixeron, do que deberían facer outros, etc., pero di que todos saben cales son os problemas, e se todos se apoiasen non estarían agora aquí.

El cre que, en todo caso, o máximo responsable desta situación é o equipo de goberno, e parécelle que unha vez que se detectaron estes problemas, ao final do curso pasado, o mellor que poderían ter feito, se é que de verdade querían traballar polos intereses dos veciños de Cambre, e xuntar aos demais grupos, igual que outras veces os xuntan para cousas moi puntuais que ao mellor non teñen tanto interese para os veciños de Cambre como si o ten a educación dos seus fillos. Terían que telos xuntado a finais do curso pasado, e falar de como afrontar o seguinte curso, ver os problemas que había e poñerse todos mans á obra, pero todos xuntos, porque na educación dos fillos, así como na sanidade, pensa que non hai que mirar de que partido é un ou de que partido é outro. Pensa que todos deberían estar pelexando xuntos, cada un achegaría a súa idea, pero non poden facer o espectáculo lamentable que están facendo hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o seu grupo presentou unha moción, que pode ser mellorable ou non, entrouse en cuestións persoais, e querería dicirlles aos voceiros de EU-IU e do PG que cando el enumerou unha serie de papeis foi para tratar de deixar en evidencia unha forma de gobernar que eles deberían coñecer moito mellor que el. Di que os problemas en Cambre son os de sempre, efectivamente, porque hai unha forma de gobernar, e o que tratou de demostrar con todo o que dixo é que é unha forma de gobernar e de deixar que as cousas se arranxen soas, e ao final cando hai problemas, entón mándanse faxes ou burofaxes. Esa non é forma de

solucionar as cousas, e por iso o seu grupo xa pediu unha reunión no mes de xuño. Di que é penoso, e que eles o que queren é que se arranxe a situación.

O ano pasado aprobaron unha moción que era moi boa, e rexeitaron a do PP, e non sabe que pasou, se se chegou a enviar, porque como dixo o Sr. Taibo nunha moción de EU-IU, as mocións que se aproban neste pleno non se sabe que finalidade teñen, porque non se levan a cabo. Di que esa é a realidade, e que hai un responsable, que é o equipo de goberno, nin EU-IU, nin o PG, nin o PP son os que teñen que arranxar as cousas. O PP está tratando de facer presión dende as súas ferramentas, pero, evidentemente, o que ten a responsabilidade total e absoluta en Cambre é o alcalde, e non se pode botar a culpa á Xunta, á deputación, ao goberno central, a quen sexa, e nunca aceptar a súa. Pensa que, máis aló de calquera outro debate, o que hai que facer é traballar e non deixar que as cousas cheguen a esta situación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que, por alusións, quere facer unha pequena precisión. Di que tamén por parte do concelleiro do PP se acusou unha vez ao grupo de EU-IU de ser eles os que estaban consentindo a situación de desgoberno e escurantismo que había en Cambre. Por iso pídelles que non faga tantas alusións ao grupo de EU-IU, e que se lembre do que dixeran anteriormente, e que cando pida perdón, entón falarán.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o Sr. Cubeiro acaba de dicir que non sabe o que se fixo coas mocións. Di que el leva como 10 anos nesta corporación, e seguía a política municipal dende antes, e nunca se lle ocorreu poñer en dúbida a actuación da Secretaría municipal.

O Sr. Cubeiro pregunta quen dixo nada dos funcionarios municipais.

O Sr. Iglesias di que as mocións que se aproban no pleno sempre son cursadas, por parte da Secretaría municipal, ás institucións ás que van dirixidas, sempre, e iso non se pode poñer en dúbida. Iso foi o que ocorreu coa moción que se aprobou en setembro do ano pasado e iso é o que ocorre sempre. Dille que iso non é poñer en dúbida a un alcalde ou a un goberno, é poñer en dúbida o propio labor dos funcionarios, e hai que ter un pouco de coidado coas cousas que se din.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier manifesta que quere facer unha aclaración, porque parece que a culpa da falta de prazas nos comedores escolares é do goberno local. Dille ao concelleiro do PP que se quere poderían dicir que algo de culpa poden ter en que non estean ampliados os comedores no colexio de Cambre, pero

pregúntalle que pasa nos outros dous colexios nos que si hai espazo suficiente para as prazas de comedor, e é a consellería a que non admite esa ampliación de prazas. Dille que iso non será responsabilidade do equipo de goberno tamén, que non queiran amplialas, cando se están pedindo dende o mes de xullo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que supón que o Sr. Lisnier se acordará que lle dixo, hai tempo, que o PP lle pedira ao delegado provincial unha reunión con diversas consellerías, e para iso pediulle información sobre os colexios. El preguntoulle que problemas había para transmitilos, e o concelleiro de Educación Sr. Lisnier contestoulle naquela mesa que este ano non había problemas de escolarización, pero non lle dixo que o que había eran problemas de comedor, só dixo que non había problemas de escolarización.

Di que o Sr. alcalde sabe perfectamente que o PP de Cambre, o presidente e a súa voceira, foron a ver ao concelleiro de Medio Ambiente porque lles preocupaban moitas cousas, como é o tema da Vía Ártabra, e o alcalde sabe iso, porque de feito envioulle un documento coas necesidades que había que transmitir. O PP de Cambre foi visitar á conselleira de Sanidade para interesarse polo centro de saúde do Temple, e pedíronlle ao Sr. alcalde unha relación de necesidades a transmitir, e iso é o que fixeron. Di que o PP está a traballar en silencio, sen aparecer nos medios de comunicación, están tratando de presionar, porque unha cousa é que aparezan nos medios de comunicación para denunciar o labor do concello, e outra cousa é que saian nos medios de comunicación para dicir que están facendo isto ou o outro.

Di que o Sr. alcalde tamén sabe que a voceira do PP, acompañada dos pais, foi á delegación provincial, a falar coa xefa de servizo. O PP está traballando e, polo tanto, cando se fala de arrimar o ombro, eles están a facelo, en todas as consellerías.

Segue dicindo que volve falar das mocións. Houbo unha moción de EU-IU onde o concelleiro Luis Taibo dixo que era decepcionante o labor político en Cambre porque as mocións se aproban, de feito se aproban con bastante facilidade, e non se levan adiante. Iso foi o que el dixo fai un momento. El non falou nunca de funcionarios, de que non fagan o seu traballo. El dixo que as mocións en Cambre se aproban e non valen de nada, iso é o que teñen que entender, e non outra cousa.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou a moción presentada.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a elaboración dunha ordenanza municipal sobre o uso, conservación e protección dos camiños públicos do concello**

Rexistrada de entrada ao núm. 11883 o día 11 de setembro de 2009, xunto cos rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“A recuperación, vixilancia, conservación e mantemento do público, é un dos piares da existencia do noso grupo municipal. A obriga de manter, recuperar e vixiar o noso patrimonio é unha obriga desta corporación. O caso que nos ocupa e que o noso grupo trae a esta sesión plenaria trata sobre os camiños públicos do concello, que nalgúns casos están ocupados e pechados total ou parcialmente, unha petición clamorosa de moitos veciños/as do noso concello, por suposto moi necesaria para poñer en valor a nosa riqueza, tanto para o uso da comunicación, recuperación de actividades como o senderismo o propio desenvolvemento turístico, etc.

A proliferación cada vez maior de maleza, aramados, valos e obstáculos, fragmentan sen dereito numerosos camiños públicos sentíndose os usuarios na maioría dos casos, indefensos e desorientados ante feitos consumados pola falta de información e de defensa decidida por parte da administración local, nalgúns casos pola ausencia dunha normativa que regule a situación.

Considera o noso grupo que á marxe do proceso de inventariado que se está realizando na actualidade, e tendo en conta os múltiples problemas que se están producindo pola falta dunha normativa legal que determine a súa propiedade e o seu uso, cumpre ao noso xuízo a elaboración dunha ordenanza que regule entre outras cousas, o control e uso do libre tránsito polos camiños de titularidade municipal, determinando a súa propiedade para evitar a perda e deterioración deles.

O crecente uso público dos camiños fai necesaria a regulación, cun triple fin: o de preservar os valores do patrimonio natural de Cambre, facilitar un uso harmonioso para os usuarios é mantelos en bo estado. A ordenanza en cuestión, debería recoller a título orientativo, unhas normas xerais de bo uso dos camiños, evitando vertidos de lixos, entullos, etc.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Elaborar unha ordenanza municipal de camiños públicos que permita regular o seu uso e aproveitamento, garantindo a súa sinalización, conservación e protección deste tipo de bens do Concello de Cambre.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non pensa que sexa necesario facer unha ordenanza sobre os camiños dende o concello, no sentido de que as ordenanzas que xa existen de circulación e de limpeza viaria, recollen perfectamente eses apartados dos que se fala na moción. Outra cousa é que no inventario se faga unha clasificación de camiños segundo distintas categorías, pero todo o tema de vertidos, carteis, sinais, todo iso está recollido nas ordenanzas que xa mencionou.

Segue dicindo que polos datos que ten, en Cambre hai 422 camiños, e teñen máis de 110 Kms. lineais de camiños, e quizais sexa necesario facer unha clasificación, pero o resto xa está previsto nas ordenanzas existentes.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que un concello como Cambre con cerca de 25.000 habitantes, debería ter unha ordenanza que regulara o uso, o estado e incluso a propiedade dos camiños. Pensa que todos, ou polo menos gran parte desta corporación, saben de moitos casos onde se está demostrando un baleiro legal que dá lugar a moitas confusións, malas interpretacións, e incluso moitos enfrontamentos entre veciños, que nalgúns casos chegan aos tribunais.

O que pretenden é que se faga un regulamento para evitar gran parte destas situacións, porque el personalmente atopouse con moitos veciños que se preguntan sobre a titularidade pública ou privada de certos camiños. Di que existe un baleiro legal e pensa que é a única maneira de terminar con el, mediante a elaboración dunha ordenanza que regule isto. Noutros concellos existe, e non sabe se a ordenanza de limpeza coa que conta o Concello de Cambre vai ser suficiente, el pensa que non, porque unha cousa non quita a outra, e isto é algo bastante complexo.

Conclúe dicindo que pide ao Sr. alcalde que reconsidere a súa postura e que se vote a prol desta moción.

O Sr. alcalde di que el a reconsidera, pero que simplemente lle dixo o que a el lle transmitiron os servizos técnicos, concretamente o técnico de administración xeral, Fernando Garrido, e o enxeñeiro municipal, Óscar Souto. Por iso dixo que quizais é máis cousa de facer unha regulamentación dun inventariado de camiños que unha ordenanza, pero non ten ningún inconveniente en estudalo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que estudaron a moción con atención, e están de acordo co discurso de protección e recuperación que recolle, o que pasa é que pensan que está errada a conclusión. Di que o problema non é dunha ordenanza, senón que os problemas que o concelleiro de EU-IU enumerou hai que solucionarlos pola vía do inventario, de xeito que quede aclarada de quen é a propiedade, cal é o límite do dominio público, do dominio privado, que todo quede rexistrado, porque efectivamente todos coñecen conflitos que está habendo. Pero o problema soluciónase xuridicamente co inventario, é dicir, que quede todo inventariado, todo aprobado, e a partir dese momento quedará perfectamente claro que é público e que é privado. A partir de aí, só se trataría de aplicar as ordenanzas, as de medio ambiente, as de limpeza, as de circulación, é dicir, todo o existente, iso xunto cun labor de goberno que ten que ser eficiente no coidado e protección dos camiños públicos que tamén son patrimonio, igual que os edificios e o resto das cousas, pero non é un problema de ordenanza.

Continúa dicindo que, agora mesmo, segundo ten entendido, hai unha empresa traballando precisamente no inventariado dos camiños. Ao remate diso será o momento de solucionar as cousas, pero non é a ordenanza, é o inventario o que fai falta, telo completo e rematado, e saber, de todos e cada un dos camiños que hai, cales son os realmente propiedade do concello, os que son públicos, e cales son os privados. El cre que ese é o tema, que está ben dirixido, e pensa que todos coinciden co que se expón na moción, pero a conclusión non pode ser elaborar unha ordenanza, a conclusión ten que ser facer o inventario e aplicar as ordenanzas que xa existen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el insiste, pensa que tanto a ordenanza como o inventario que se está realizando son perfectamente compatibles. Pensa que vale a pena pecar de exceso e non de defecto. Como dixo antes o Sr. alcalde, en Cambre existe unha rede de camiños impresionante, e el pensa que regulalos non estaría de máis. Tamén dixo o alcalde que falou cos técnicos municipais e que non aconsellaban a elaboración da ordenanza.

O Sr. alcalde aclara que non é que non a aconsellen, senón que dixeron que o que se pide na moción xa se recolle nas ordenanzas existentes.

O Sr. Taibo di que el tamén falou con algún funcionario deste concello e que lle dixo que podía ser moi interesante, e incluso necesaria.

O Sr. alcalde contesta que non teñen ningún problema en recoller esta proposta, en que lle dean a forma que sexa, porque, á fin e ao cabo, están no mesmo, pero isto pasa por ter o inventariado de todos os camiños, facer unha reclasificación para ver o que non entra



dentro das ordenanzas xa existentes, a de circulación e a de limpeza viaria, porque son dous ordenanzas que van ir moi parellas ao inventario de camiños. Di que non ten ningún problema en que se elabore esta ordenanza.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, como no fondo hai un acordo sobre os obxectivos que se persiguen, igual podía quedar a cousa en estudar o tema da ordenanza, ou pospoñelo a que se aprobe o viario, a que se remate o traballo do inventario de camiños, e, a partir dese momento, retomar o tema da ordenanza. El cre que iso é o prioritario, porque sen iso non hai base xurídica para protexer nin defender nada, que estea todo inventariado é fundamental. Trataríase de pospoñer a ordenanza a que se aprobe o tema do inventario.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el o que propón é que se aprobe a moción para facer a ordenanza, ou en todo caso pospoñelo a que se faga o inventario de camiños, e a continuación facela, aínda que tamén podería ir paralela unha cousa e outra, pero, en todo caso, que se aprobe a moción, no sentido de que aprobado o inventario de camiños se faga tamén a ordenanza, porque el insiste en que cre que é moi necesaria.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción. Di que o que acaba de pasar é unha mostra do que adoita pasar en Cambre, discusións e discusións, que se isto, que se poñer o punto sobre o i. Di que a moción está ben, que e conveniente, e van aprobala, e non hai que darlle máis voltas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén vai votar a prol da moción. Supón que ten as súas dúbidas sobre que esta moción vaia a facerse nuns poucos anos, porque xa levan moitos anos falando do inventario de camiños, e de momento aínda está sen facer. Di que se imaxina que agora seguirán igual outros pouquiños máis.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, un pouco en consonancia co que dixo o Sr. Marante, quere salientar que o seu grupo vai seguir presentando mocións, e di que tamén el se lembra como, noutra época na que xa estivo nesta corporación, presentou moitas mocións, tampouco se levaron a cabo, e nese momento o Sr. Marante formaba parte do goberno.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por vinte votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde reitera as desculpas xa anteriormente presentadas polo seu compañeiro concelleiro, e pide que se someta a votación a declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai votar a urxencia da moción que presenta o grupo de goberno. Di que xa criticou antes a maneira e forma de presentar esta moción, pero, non obstante, como puideron ler a moción e consideran que é de moita importancia, e pensan que é moito o que se están xogando, ter nun futuro prazas de escolarización para os rapaces, prazas de comedor, ter profesores de apoio, etc., por todo isto é polo que, apelando á responsabilidade política do grupo de EU-IU, van votar a prol da urxencia da moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da declaración de urxencia os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por doce votos a prol, cumprindo coa maioría absoluta esixida no art. 108.5 apartado 2º do Regulamento orgánico municipal, acordou declarar a urxencia da moción presentada.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que o voto do seu grupo é en contra da forma de presentar a moción, non do seu contido.

### **C) Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG respecto da Educación en Cambre**

Consta do seguinte teor literal:

“No pleno ordinario de setembro do pasado ano, esta corporación aprobou por unanimidade unha moción presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a situación dos equipamentos e recursos educativos no noso concello.

Os acordos adoptados naquel momento foron os seguintes:

*1.- Instar á Consellería de Educación o comezo inmediato das obras de ampliación do CEIP do Graxal que garantan a súa plena operatividade no comezo do curso 2009-2010.*

*2.- Instar á Consellaría de Educación a resolver satisfactoriamente a demanda de prazas de comedor escolar nos centros do noso concello. A que solucione con urxencia para este curso o problema das familias que quedaron inicialmente sen o servizo, e que adopte as decisións necesarias que garantan que a situación non se volva a repetir no vindeiro curso.*

*3.- Ofrecer toda a colaboración necesaria do Concello de Cambre dentro das súas competencias para axudar a resolver esta situación.*

Un ano despois repítense algunhas das circunstancias e de novo son moitas as familias que non teñen solucionados satisfactoriamente servizos complementarios na educación. Problemas que exclusivamente dependen da vontade política e da orde de prioridades que marquen os responsables da política educativa na Xunta de Galicia.

Se o pasado ano, con boa vontade, conseguíuse ampliar a cobertura do servizo de comedor escolar aos nenos que inicialmente quedaban fóra en Sigrás, Portofaro e Graxal e, mesmo, acomodar algún máis no comedor do colexio de Cambre, este ano a negativa das autoridades educativas é rotunda: Nin un euro máis para os colexios de Cambre.

E non valen desculpas técnicas sobre a capacidade dos espazos nos colexios. Ese é o caso de Cambre, pero no resto dos colexios hai prazas libres, só se necesita que a consellería estea disposta a aumentar o gasto. E no caso de Cambre a solución ven da man da colaboración posible entre a Xunta e o Concello. O Concello de Cambre está disposto – como acordou este pleno hai un ano- a colaborar coa Consellería, técnica e economicamente, para adaptar as instalacións do CEIP Wenceslao Fernández Flórez e poder acoller así a todos os nenos que quedan sen servizo.

No caso dos profesores de apoio volvemos a comprobar por onde van as liñas de actuación da administración educativa. A educación considerada como un dereito universal, incluídos os alumnos con necesidades especiais educativas e de coidado, non pode estar en entredito cada comezo de curso.

Os escolares que están nesta situación, e tamén as súas familias, teñen o dereito a ser escolarizados no seu contorno e coa atención debida. Estamos a falar de igualdade de dereitos, de igualdade ao fin. Non podemos admitir que os dereitos sexan só para os máis fortes ou para os que xa dispoñen de medios. Non se pode consentir que a asignación de profesorado e persoal de apoio estea sometida ao regateo ou á presión.

Dende a corporación municipal de Cambre declarámonos defensores da educación pública, cos medios e servizos necesarios para favorecer a igualdade de trato e a igualdade de oportunidades. Declaramos, así mesmo, a nosa vontade de colaboración coa administración educativa. Manifestamos a nosa disconformidade coa discriminación e co recorte de servizos educativos e, esiximos que se lle dean resposta ás reclamacións que desde os colexios e desde as familias se están a facer á Consellería de Educación. Reclamacións e esixencias que este concello fai súas.

No ano 2008 este concello puxo á disposición da Consellería os terreos necesarios para a ampliación do colexio do Graxal. Desta maneira o colexio estará funcionando en pouco tempo. Tamén, e froito dos acordos políticos acadados nesta corporación o pasado ano tense iniciado o proceso de expropiación para obter os terreos necesarios fronte á Barcala para un novo colexio. O proceso está en marcha e antes de que remate o ano este pleno terá a ocasión de acordar unha nova cesión de solo público para a educación. A partir de aí será responsabilidade da Consellería axilizar e tomar as decisións oportunas para que o novo colexio sexa unha realidade en pouco tempo.

Esa é a liña de colaboración e de traballo que a cidadanía reclama dos responsables políticos.

Pero as previsións para o futuro non nos poden facer esquecer os problemas e carencias de hoxe. É necesario dar solución ao déficit actual de prazas de comedor e de profesorado de apoio.

Os datos en Cambre son elocuentes:

- faltan 57 prazas de comedor no CEIP de Cambre
- faltan 22 prazas de comedor no CEIP Portofaro
- faltan 32 prazas de comedor no CEIP do Graxal

por outra banda, neste momento, está aínda sen cubrir unha das prazas de persoal de apoio para escolares con necesidades especiais no colexio Portofaro.

Por estes motivos o pleno da corporación municipal de Cambre acorda:

Primeiro: Esixir da Consellería de Educación a dotación das prazas de comedor escolar nos colexios de infantil e primaria.

Segundo: Esixir da Consellería de Educación a dotación de profesorado e persoal de apoio para escolares con necesidades especiais.

Terceiro: Reiterar o ofrecemento de colaboración e diálogo do Concello de Cambre coa Consellería para a solución dos problemas citados, dentro do marco de competencias de cada administración.”

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que votou en contra da urxencia da moción porque, como xa explicou antes, considera que non deben presentarse así as mocións, pero o que si está é a prol do contido da moción. Só votou en contra da forma de presentación, non da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo subscribe e apoia a moción na súa totalidade.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por vinte votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **7º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1481, de data 13 de agosto de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Venancio Salcines Cristal no día de hoxe, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 22 de xullo de 2009.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1279, de data 6 de xullo de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a memoria correspondente ao proxecto “Programa de prevención e intervención ante a violencia de xénero no Concello de Cambre”, elaborada pola educadora social, cun orzamento total de 14.500,00 euros (catorce mil cincocentos euros).

Segundo: Solicitar da Secretaría Xeral da Igualdade o outorgamento dunha axuda por un importe de 14.500,00 euros (catorce mil cincocentos euros) co fin de cubrir os gastos para o desenvolvemento do programa previsto.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1641, de data 14 de setembro de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Delegar a presidencia das comisións informativas que de seguido se relacionan, nos concelleiros delegados que igualmente se indica:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior: don José Venancio Salcines Cristal.

- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos: don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

- Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística: don Jaime Manuel López Lisnier.

- Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo: dona Laura Fernández Martínez.

Segundo: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Dos escritos presentados polos voceiros dos grupos municipais, en cumprimento do acordo adoptado na sesión extraordinaria do pleno da corporación de data 22 de agosto, nos que se designan aos membros das comisións informativas, segundo se transcribe a continuación:

**A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior.**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Venancio Salcines Cristal	Erundina Prado Arcay
Francisco Javier Varela Tejedor	Jaime Manuel López Lisnier
Carmen Tato Lago	Mª Beatriz Ramos Padín

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	Mª Jesús González Roel
Nicolás Cubeiro Martínez	Mª Jesús Vieites Mariñas
Santiago Manuel Ríos Rama	Goretti Pérez Eléxpuru

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

## **B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antonio Varela Saavedra	Carmen Tato Lago
Mª Beatriz Ramos Padín	José Venancio Salcines Cristal
Francisco Javier Varela Tejedor	Jaime Manuel López Lisnier

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Nicolás Cubeiro Martínez	Santiago Manuel Ríos Rama
Felipe Andreu Barallobre	Mª Jesús González Roel
Goretti Pérez Eléxpuru	Mª Jesús Vieites Mariñas

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

### **C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos.**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Francisco Javier Varela Tejedor	Erundina Prado Arcay
Jaime Manuel López Lisnier	José Venancio Salcines Cristal
M <sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín	Carmen Tato Lago

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Santiago Manuel Ríos Rama	M <sup>a</sup> Jesús González Roel
Nicolás Cubeiro Martínez	Goretti Pérez Eléxpuru
Felipe Andreu Barallobre	José Antonio Baamonde López

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Laura Fernández Martínez
Gumersinda Becerra Montes	Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----



**D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística.**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Jaime Manuel López Lisnier	Francisco Javier Varela Tejedor
Erundina Prado Arcay	José Venancio Salcines Cristal
Carmen Tato Lago	Mª Beatriz Ramos Padín

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Goretti Pérez Eléxpuru	Nicolás José Cubeiro Martínez
Mª Jesús González Roel	José Antonio Baamonde López
Mª Jesús Vieites Mariñas	Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Gumersinda Becerra Montes	Laura Fernández Martínez
Antón Otero Domínguez	Henrique Xabier Iglesias Oviedo

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Juan Antonio Fernández López	Luis Miguel Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

**E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Erundina Prado Arcay	Jaime Manuel López Lisnier
Carmen Tato Lago	Mª Beatriz Ramos Padín
José Venancio Salcines Cristal	Francisco Javier Varela Tejedor

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Mª Jesús Vieites Mariñas	Nicolás José Cubeiro Martínez
Goretti Pérez Eléxpuru	Santiago Manuel Ríos Rama
José Antonio Baamonde López	Mª Jesús González Roel

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Laura Fernández Martínez	Henrique Xabier Iglesias Oviedo
Antón Otero Domínguez	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Juan Antonio Fernández López	Luis Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

#### **F) Comisión Especial de Contas.**

- do PS de G-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Venancio Salcines Cristal	Erundina Prado Arcay
Francisco Javier Varela Tejedor	Jaime Manuel López Lisnier
Carmen Tato Lago	M <sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
M <sup>a</sup> Jesús González Roel	Nicolás José Cubeiro Martínez
M <sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas	Felipe Andreu Barallobre
José Antonio Baamonde López	Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Antón Otero Domínguez	Laura Fernández Martínez
Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Gumersinda Becerra Montes

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	-----

## **8º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11900 o día 11 de setembro de 2009.

1º Veciños de Cecebre esixen unha solución ao peche do camiño público situado na zona dos Castros do Bosque. Esta situación foi denunciada polos veciños mediante recollida de sinaturas e varias denuncias interpostas. Por este motivo, rogamos nos informe da situación en que se atopa o dito expediente e tome as medidas oportunas para a solución do conflito.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que unha concelleira do grupo popular lles informou pouco antes do pleno de cal era exactamente o camiño, porque pola lectura da pregunta, zona dos Castros do Bosque, entendían que se refería á parte da urbanización máis antiga, á que queda indo para Apeadeiro a man esquerda. Xa lles aclarou que era do outro lado, e indicoulles cal era o camiño, así que irán a miralo e pasarán a información.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el agora xa casi non se atreve a sacar faxes e reclamacións de veciños, porque, polo que se viu, é incorrecto. Di que estes veciños comezaron a denunciar no ano 1999, polo tanto no concello deberían saber cal é o camiño. Sinala que hai denuncias da Policía Local, fotos, presentáronse sinaturas, e que é un expediente que comezou no ano 1999 e aínda non ten solución nin resposta, e sinala que acaban de aprobar unha moción de EU-IU, despois de darlles moitas voltas, para tratar de darlle solución a asuntos como este.

Insiste en que os veciños dende o ano 1999 están agardando por unha solución, o camiño está pechado, e non hai resposta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que non lle quere quitar ningunha razón ao Sr. Cubeiro, pero que o único que lle pide é un favor, que a próxima vez que formulen preguntas deste tipo, sobre todo se xa teñen os datos, e se xa saben cal é o expediente, que lles poñan o número, que lles poñan a referencia. Di que a pregunta falaba de que veciños de Cecebre esixían unha solución ao peche do camiño público situado na zona dos Castros do Bosque, así non puideron saber cal era o camiño. Pídelle que, por favor, a próxima vez indiquen unha referencia, que lles digan o nome exacto do lugar, e non haberá ningún problema para contestar, responsabilízase de ver o expediente e dar toda a información de como está, pero é que non sabían a que camiño se referían.

Don Nicolás José Cubeiro di que o Sr. Iglesias só leu unha parte da pregunta, porque a pregunta continúa dicindo que esta situación xa foi denunciada polos veciños mediante recollida de sinaturas e varias denuncias interpostas, e probablemente non haxa tantos camiños en Cecebre nesta situación, e probablemente tamén saiban os teléfonos aos que dirixirse no PP.

En todo caso, di que quere insistir en que é un expediente que ven do ano 1999, non é cuestión dunha semana máis ou menos, senón que van 10 anos, e non hai desculpa posible para esa situación.

2º Despois das informacións aparecidas en prensa, de que o concello vai limpar o río Mero, rogamos ao equipo de goberno nos informe sobre o contido do convenio, asinado coa Xunta, as xestións realizadas ata o momento, e nos entregue copia do dito convenio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que cre que o Sr. Cubeiro xa coñece que entre o Concello de Cambre e a administración titular do río Mero non existe ningún convenio, a única referencia a tales documentos que pode existir é o convenio que asinaron o Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente que saiu publicado no BOE o 7 de marzo do ano 2003. O 20 de xullo do ano 2007 entrou un escrito, que supón tamén coñece o Sr. Cubeiro, do Ministerio de Medio Ambiente, da Confederación Hidrográfica, que entre outras cousas comunicaba que con data do 7 de xuño de 2007 se tiña realizado a preceptiva recepción das obras de acondicionamento hidráulico do río Mero. De acordo coa cláusula 8ª do convenio existente entre a Consellería e o Ministerio do 2003, de colaboración entre Consellería de Medio Ambiente, organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte, se determinaba que unha vez rematada a obra, e recibida esta, sería entregada para o seu uso público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia, que se faría cargo, para todos os efectos, dela. En consecuencia, se informaba que a partir da citada data do 7 de xuño do ano 2007, o organismo autónomo Augas de Galicia pasaba a ser o responsable da conservación e mantemento da obra.

Supón que o PP tamén coñece que a partir dese momento hai todo un rosario de comunicacións e de peticións para que se atendan e se coiden. Despois do convenio fíxose un proxecto de reforestación, a partir do cal houbo un compromiso, nalgunhas reunións nas que tamén cre que nalgunha ocasión estiveron presentes representantes do PP, e nas que houbo o compromiso de que, unha vez acabado todo ese proceso, había que facer un convenio ou chegar a acordos para o mantemento. En todo caso di que a propietaria dese ben, a súa titular, non deu resposta a ese tema.

Continúa dicindo que recentemente, dende o mes de maio, en varios escritos que pode ensinar, reclamóuselle á Consellería o mantemento, limpeza e roza das marxes da senda, e recentemente, a mediados do mes de agosto, el mesmo se dirixiu a eles por escrito reclamando, precisamente, a sinatura do convenio, para poder chegar a un acordo sobre o mantemento, e, en todo caso, solicitando autorización para executar subsidiariamente traballos de limpeza como xa fixo o Concello de Cambre o pasado ano, asumindo un custo duns 5000 e pico euros. Este ano fan o mesmo, en vista de que a administración titular da senda non o fai.

Conclúe dicindo que eles tamén son conscientes de que os que máis van gozar deste ben van ser os veciños de Cambre, son os máis interesados, e paga a pena, se cadra, gastar un pouquiño. Pero, dende logo, di que están interesadísimos en asinar o convenio polo que lles pregunta o PP, pero que hoxe en día non existe. Di que son os primeiros interesados.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, manifesta que é conveniente dicir que calquera veciño que pasee polas sendas do río ve o estado de abandono no que está. El mesmo deu unha rolda de prensa recentemente, ou mandou unha nota de prensa, non lembra exactamente como foi, criticando o estado de abandono e esixindo que se tomasen medidas. A resposta do alcalde foi dicir que debería saber que había un convenio do 2003, e que era responsabilidade da Xunta, é dicir, o de sempre, nunca é responsabilidade do concello e sempre é responsabilidade doutros.

Segue a dicir que o PP sabe que ese convenio non existe, e por iso precisamente pediron copia, porque non se pode contestar desa maneira, e se había convenio e o ano pasado o asumiu o concello, pregunta cal é a diferenza con respecto a este ano. Polo tanto, di que o equipo de goberno está aquí para dar solucións, as sendas do río están nun estado de abandono total e absoluto e, dende logo, cando o Sr. alcalde di que hai un convenio asinado coa Xunta, non é certo.

O Sr. alcalde contesta que o convenio existe entre a Confederación e Augas de Galicia, e o concello non ten competencia aí, o que asinaron foi que tiveron que pedir permiso para facer a limpeza fai uns anos, e este ano volven igual, pero o concello non ten competencia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Cubeiro que iso foi o que tamén lle dixo el, en todo caso, pídelle desculpas se non é capaz de expresarse dunha maneira clara. Di que existe un convenio, pero non co Concello de Cambre, foi entre o Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente, no ano 2003, publicado no BOE, ese é o convenio á que se fai referencia, e que máis tarde, en varias ocasións, a Confederación Hidrográfica, como

organismo dependente do Ministerio de Medio Ambiente, indicou ao concello que a partir da entrega das obras en xuño do ano 2007, iso pasa a ser competencia de Augas de Galicia.

Di que claro que saben que está en estado de abandono, e por iso se leva reclamando tempo, e supón que niso todos estarán de acordo. Supón que haberá que esixir á Xunta que cumpra co seu cometido e a súa responsabilidade respecto dos 22 quilómetros polas dúas márxes que hai que atender. Pensa que o Concello de Cambre ten que estar disposto a colaborar, porque son os máis interesados, os que van a gozar dese ben, pero que é deles. Di que tamén hai que saber ler as cousas, que o convenio ao que se refería o Sr. alcalde era o que asinaron Ministerio e Consellería, non o Concello de Cambre, porque xa lle gustaría ao concello poder asinalo, iso é o que querían.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que tamén pedían unha copia do convenio, e pregunta se llela van a facilitar.

O Sr. Iglesias di que non se preocupe, que está no BOE do 7 de marzo de 2003, e que mañá mesmo lles facilitarán unha copia.

O Sr. Cubeiro dille ao concelleiro do BNG que debería evitar a tendencia a dicir cousas como que hai que saber ler, e similar, pídelle que se limite a contestar e a dar solucións. As sendas están nun estado de abandono deplorable, e esa é a súa responsabilidade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta se aínda non se enterou de que iso non é así, que a responsabilidade é do conselleiro de Medio Ambiente, da Xunta de Galicia.

A continuación, antes de ler o rogo número 3, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que lle quere agradecer ao Sr. alcalde que teña convocado un pleno extraordinario no mes de agosto, despois de que ela tivera comunicado por Rexistro que se ía ausentar do municipio uns días. Di que foi xusto nesas datas, e cando ela cumpriu co seu deber de comunicalo, tal e como recolle o Regulamento orgánico municipal no art. 26.2. Lamenta moito o desprezo total cara ao grupo popular. Simplemente quere dar as grazas por esa iniciativa de celebrar o pleno extraordinario estando ela ausente.

O Sr. alcalde sinala que esas grazas da concelleira levan un pouco de retransa. Di que a concelleira comunicou que se ía de vacacións e que estaría para o pleno ordinario, pero que ese pleno ordinario xa se quedara en que se pasaba ao mes de setembro, e despois houbo que facer ese outro pleno extraordinario para aprobar os orzamentos, e iso non tivo nada que ver. Está de acordo en que non lle teña gustado, pero nada máis.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que o voceiro de EU-IU tiña feito unha proposta para que o pleno ordinario se pasara a setembro. Ela dixo que por ela non había problema, pero que o tería que comentar cos seus compañeiros, porque ela xa tiña feito a planificación das súas vacacións para poder asistir, logo non se realizou e aproveitaron a ocasión, única e exclusivamente cando ela non estaba, a propósito. Di que ela cumpriu coa súa obriga ao igual que calquera outro concelleiro que tamén ten a obriga de comunicar a súa ausencia.

A continuación dáse lectura ao terceiro rogo presentado por escrito polo PP.

3º Solicitamos ao equipo de goberno nos informe da situación na que se atopan as obras da rede de sumidoiros da zona de Anceis, as cales levan paralizadas máis de dous anos e esiximos nos dean conta das xestións levadas a cabo ata o momento, para a finalización da dita obra.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que todos coñecen este tema, que é un asunto bastante molesto, e que non ten inconveniente en mañá entregarlles copia da relación que ten el por escrito. Trátase da obra de ampliación de redes de saneamento e abastecemento de auga en Anceis, Piñeiro e San Lourenzo. Hai un informe do enxeñeiro de camiños municipal do 5 de agosto no que se propoñía que o órgano de contratación adoptase a resolución do contrato o máis pronto posible, sen prexuízo de esixir os danos e prexuízos ocasionados ao municipio, polo custo dos ensaios e probas, o custo dunha nova adxudicación, a posible perda da subvención, a non recadación de taxas de saneamento, e a retirada de entullos da obra, e proceder, con suma urxencia, á medición final da obra realmente executada.

Continúa dicindo que tamén hai un informe emitido pola técnica de xestión de contratación, con data de 24 de agosto de 2009, referente ao inicio do expediente para a resolución do contrato suscrito o 20 de xullo de 2007 coa empresa Indeza Edificación e Obra Civil, S.L. Hai outro informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal, con data 28 de agosto de 2009, de conformidade co establecido no apartado 3º da Resolución do concelleiro de Economía e Facenda e Contratación, na que se dispón que se cite ao contratista adxudicatario. Hai unha proposta do 4 de setembro, do enxeñeiro de camiños, director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra, en relación a propoñer unha data para facer a comprobación e medición final da obra, co fin de resolver o contrato. E hai outro informe, con data de 8 de setembro, no que se cita ao contratista, o día 16 de setembro de 2009, ás 10:00 horas, para levar a cabo a medición das obras realizadas.

Conclúe dicindo que así é como está ata este momento o tema. Dende que el persoalmente se atopou co asunto foron preparando todo para a resolución do contrato e poder adxudicar

a unha nova empresa a contratación dos traballos, e está todo encamiñado dende primeiros do mes de agosto.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se nos dous anos que leva paralizada a obra, as xestións do concello comezaron en agosto do 2009.

O Sr. Iglesias Oviedo di que el pode contestar dende que se incorporou a esta responsabilidade, e que a pregunta se refería a cal era a situación neste momento, e a situación neste momento, coa referencia dun mes antes, el pensa que é bastante abundante. Se lle pregunta cales foron as xestións que se fixeron dende principios da obra, entón pídelle un pouco máis de tempo para dicirllo. A pregunta era sobre a situación neste momento da obra, e explicoulle todos os trámites que se fixeron, con referencia a este último mes. Di que el cre que hai moitos máis no expediente, pero o que lle preguntaron foi por estes, e a día de hoxe, a situación é a que dixo, está en proceso de resolución, de que a empresa deixe a obra e incluso de estudar a petición de indemnizacións.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel pregunta para cando se prevé que se poidan realizar os traballos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que os procesos de resolución de contratos están reglados, non son cuestión da súa vontade, hai que cumprir cunha serie de pasos para logo poder realizar unha nova adxudicación a outra empresa. En principio, segundo explicaron os técnicos, o procedemento que hai que seguir é o de continuar coas empresas que licitaron, seguindo coa seguinte empresa que licitou un menor importe. Di que el agora mesmo non lle pode dar un prazo, pero que todo o goberno está comprometido a axilizar todo o procedemento administrativo e de retirada da empresa, todo o que se poida, pero que hai que cumprir cuns preceptos legais que son ineludibles.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que agradecería que se lles entregase unha copia dos informes.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11883 o día 11 de setembro de 2009, xunto coa moción e preguntas para este pleno.

1º Sobre os horarios do novo goberno. Despois do pacto de goberno que supón a reedición do bipartito e por suposto as súas asignacións económicas, cremos que sería interesante e



ao mesmo tempo un deber, que o novo goberno de Cambre informara aos veciños de cando poden ser atendidos e cal é a súa disposición laboral no concello.

Tendo en conta que non temos constancia nin información sobre o tema, o noso grupo municipal prega:

Se faga público canto antes os horarios de todos os concelleiros con dedicación parcial para a atención ao público, e en que dependencias realizarán os seus traballos.

Se facilite aos grupos da oposición os números de teléfono móbil (con cargo ao concello) de todos os concelleiros/as que teñan responsabilidade no novo goberno.

O Sr. alcalde contesta que non hai ningún problema e que, probablemente no pleno da vindeira semana lles entregarán a todos eses datos.

2º O Plan de cooperación coas entidades locais é un dos principais instrumentos que ten o goberno autónomo para estimular a formación e o emprego a nivel municipal. Este programa conta cun financiamento que se distribúe entre os concellos con base ás solicitudes que fagan para crear entre outras cousas: escolas taller, talleres de emprego, etc. Tendo en conta que o noso grupo presentou unha moción no pleno do mes de xaneiro relativa á creación de emprego no concello.

O noso grupo prega se nos informe cales foron as xestións realizadas para a creación e funcionamento dun obradoiro de emprego.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que para poder pedilo teñen que agardar a que saia a convocatoria, que será a finais de ano. Di que fixeron un proxecto de reforma da casa reitoral de Pravio para estimar os custos que tería a reforma, e están levando a cabo a contratación dun proxecto de execución desa mesma casa, e, en paralelo, pechando, sobre todo a nivel interno, os últimos focos para facer o convenio coa Igrexa de cara á cesión dese inmovible. Unha vez estean eses dous temas, a cesión e o proxecto, xa poderán solicitar a escola, pero reitera que aínda non está aberto o prazo para facelo.

Di que o obxectivo posterior é dar ese mesmo paso coa casa reitoral de Bribes, xa cunha escola-taller de moita máis entidade que a de Pravio, que é moito máis pequena.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. Salcines dixo que aínda non está aberto o prazo, pero el ten entendido que estas peticións se resolven nos meses de abril e setembro, a moción foi presentada en xaneiro, e el non sabe cando se comezou a tramitar, porque se as

cousas tiveran sido un pouco áxiles pensa que neste mes de setembro poderían ter unha resolución da Xunta para poñer en marcha a escola-taller.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que eses meses supón que son cando se resolve, pero que solicitar, segundo lle teñen indicado a el os técnicos, faise no último trimestre do ano, sobre novembro ou decembro, e que, por iso, posiblemente se resolva á volta do entroido. Di que iso é o que el ten entendido, salvo que se teñan equivocado e lle teñan dado mal as datas.

A continuación, respecto do terceiro rogo presentado por EU-IU, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do grupo, manifesta que van retirar o rogo porque facía referencia á dotación de bancos na pista polideportiva de Meixigo, e puideron comprobar, e así llelo transmitiron os veciños, que nestes días se acaban de poñer os bancos.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11890 o día 11 de setembro de 2009.

1º Rogo que se conteste con transparencia e rigor, non con enganos e mentiras como fan normalmente. Seguro que así evitaríamos moitas crispacións innecesarias, que non benefician a ninguén.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que este rogo non é necesario que se conteste, senón que é conveniente que se cumpra.

2º Rogo se informe do motivo polo que non se me teñen entregado tres informes que solicitei por escrito e con rexistro de entrada do día 5 de maio de 2009. Estes informes referíanse ao custo do renting do coche oficial do alcalde e á praza de chofer, ao servizo de transporte metropolitano en Cambre, e a todos os gastos ocasionados ao concello polo concelleiro don José Venancio Salcines Cristal dende a súa toma de posesión.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que respecto do servizo de transporte metropolitano en Cambre acaban de entregarlle o informe e que o analizará, e se ten algunha dúbida, xa preguntará. Pregunta que pasa cos outros informes.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que no que se refire ao custo do renting do coche oficial, non hai renting. Respecto do custo da praza do chofer, só ten que mirar os orzamentos, nos cales está incluída. E en canto aos seus gastos globais, dille ao Sr. Marante que ten acceso, cando queira, á contabilidade pública e aí os pode consultar.

Don Manuel Marante Gómez di que lle gustaría que lle dera a dirección de correo na que pode entrar para velos, porque el non a ten. Di que non ten acceso á Intervención municipal, que non ten a dirección de correo para poder entrar e fiscalizar todos os movementos que se fan na Intervención. Pregunta se iso é posible, porque cando noutra ocasión xa falaron de temas de asignacións, de viaxes, e desas cousas, o Sr. Salcines só tardou dous días en saber o que el viaxara en 16 anos, incluso no pasado pleno valorou cada pregunta do PG en 1000 euros de custo para os veciños de Cambre. Di que non sabe quen cobra iso, porque el dende logo non cobra por pregunta.

Dille ao Sr. Salcines que como é tan rápido para facer valoracións do que cobran os outros, que lle diga a dirección de correo electrónico onde estea o acceso para poder el, con esa mesma rapidez, saber eses datos que lle pediu.

Continúa dicindo que el lles tiña pedido, por educación, os informes, que tamén tiña pedido outro que aos 15 días a concelleira de Cultura si que llo facilitou, e que por iso xa non o nomeou aquí, pero dos outros nada. Di que para sacar datos dos demais, en dous días, sácanse, infórmase e mándase á prensa calquera burrada, non pasa nada, pero que cando lle miran o dun, entón xa van catro meses e pico sen saber nada. Pregunta cando vai poder el ver directamente todo iso.

Don José Venancio Salcines Cristal di que pode que algunha burrada diga na vida, pero que sobre o Sr. Marante non dixo ningunha. Dille que ten acceso á contabilidade pública do concello cando queira, que vaia a Intervención e alí lle darán acceso inmediato.

Don Manuel Marante Gómez pregunta que entón onde quedou a solicitude que fixo, que el ten a súa copia, rexistrada de entrada, e pregunta quen a trasapelou, porque se el presentou unha solicitude, alguén lle terá que chamar e dicir que vaia, que lle van a dar a información.

Continúa dicindo que no escrito el puxo que solicitaba informe detallado de todos os gastos ocasionados ao Concello de Cambre polo concelleiro don Venancio Salcines Cristal, dende a súa toma de posesión, remuneracións fixas, axudas de custo, restaurantes, conexións a internet dende fóra do concello, etc., e que solicitaba que o informe viñera acompañado de fotocopia, tanto de follas de gasto, como das facturas. Di que a algún sitio chegarán estas solicitudes, alguén terá que contestar, e de feito di que algúns si que lle contestaron, como é o caso do transporte metropolitano hoxe, ou como dixo tamén outras cousas por parte da concelleira de Cultura. Supón que cada cousa irá ao responsable, e que claro, que como o responsable de Facenda é o Sr. Salcines, entón ao mellor foille a el, preguntalle que fixo coa solicitude.

Segue dicindo que se el mañá chega a Intervención, e alí lle facilitan todo o que pide, así sen máis, pois que entón lle parece moi ben, pero que noutras ocasións dende Intervención sempre lle dixeron que as súas solicitudes de información tiña que presentalas por escrito e por Rexistro, porque directamente non lle podían dar os datos. Di que se é tan fácil, entón el mañá chegará a Intervención, e como a Sra. interventora está presente, entón se o Sr. Salcines e o Sr. alcalde lle dan permiso para facilitarlle os datos que solicite ao momento, entón non hai problema, xa non meterá por Rexistro nada. Pregunta se están de acordo ou se están a vacilar con el.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que o Sr. Marante quere ter acceso a todos os seus gastos, que é certo que ten ese dereito e que vai poder executalo. Dille que vaia a Intervención, e mire a contabilidade para obter as súas respostas.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se entón pode ir mañá a Intervención e sentarse co funcionario ata que llo dea.

Don José Venancio Salcines Cristal dille que o que lle darán será a contabilidade, e que o Sr. Marante poderá buscar as facturas.

O Sr. Marante di que con iso lle vale, e que agarda que así sexa, porque vai ir, xa que el si que cumpre co que di.

3º Rogo se informe en que estado se atopa o contrato para a instalación dos caudalímetros nas parroquias de Anceis e de Sigrás. E para cando poderán os veciños afectados destas parroquias usar a rede de sumidoiros, que leva instalada aproximadamente oito anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a obra está adxudicada, que a acta de replanteo asinouse o 7 de agosto, cun prazo de execución de 6 semanas. Di que son 111.056 euros e que deberían estar xa practicamente rematadas, aínda que están dentro do prazo que tiñan, pero que tiveron un problema de subministración durante o mes de agosto polo tema de peche das fábricas. En todo caso, a previsión é que estean rematadas dentro do prazo de execución e que poidan estar funcionando e todo rematado a primeiros do mes que vén.

Por outra banda, di que tamén lle quere dicir que o alcalde e el mesmo, xa tiveron unha conversación co alcalde de Culleredo, que ao final é de quen van ser clientes con eses caudalímetros, para que inmediatamente, unha vez estean solucionadas todas as cuestións técnicas, que se poidan comezar a servir de aí.

Di que tamén se van poñer en contacto, vía carta, con todos os veciños da zona afectada por este saneamento, para que poidan iniciar os trámites para enganchar.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), dá as grazas e di que se alegra de que alguén, por fin, teña levado esta instalación á realidade. De todos modos quere dicir que xa antes das últimas eleccións, fai dous anos e pico, o Sr. alcalde saíra na prensa confirmando un protocolo de actuación con respecto á conexión dos veciños de Sigrás e Altamira a ese colector compartido con Culleredo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que quere deixar claro que el colleu unha obra que xa estaba en marcha, e que o que si debe ser é satisfacción colectiva, porque el cre que todos os grupos aprobaron na mesa de contratación a licitación desta obra, en todo caso é unha alegría para todos, pero que non hai ningún mérito particular del, posto que é unha obra que xa colleu contratada e coa tramitación feita.

4º Rogo se informe sobre a situación actual do convenio urbanístico asinado polo Sr. alcalde, que afecta á adquisición do terreo no que está construído o cuartel da Garda Civil, e tamén a sede de Protección Civil de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que o terreo foi cedido por unha familia, e é propiedade municipal. Isto foi motivo dun convenio que se realizará cando o Plan Xeral. Di que é un convenio que está en vigor, o cal non quere dicir que non haxa que revisalo. Engade que, como todos saben, agora vaise rescindir o contrato co equipo redactor, pero segundo o xefe da área de Urbanismo, o convenio está en vigor.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que efectivamente o convenio asinado con esa familia xa se renovou algunhas veces, pero que agora non diga que está en vigor, porque agora xa non é así, está caducado dende hai xa algúns meses.

O Sr. alcalde responde que dixo que está en vigor porque fai unha semana veu un dos familiares e o que se está tratando é de prorrogalo.

O Sr. Marante di que entón o que se está tratando é de volvelo a prorrogar, pero non está en vigor.

O Sr. alcalde di que non está denunciado pola outra parte.

O Sr. Marante responde que agarda que non o fagan, iso en beneficio de todos.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11901 o día 11 de setembro de 2009.

1ª Cando van finalizar as obras da estrada de Espírito Santo a Lendoiro?

O Sr. alcalde contesta que estas obras son da Deputación, e que se trata dun proxecto que tivo bastantes problemas, tanto na execución como na redacción do proxecto. Di que agora se lle botou un pequeno rego superficial, vai estar un ou dous meses, para ver se co temporal e coas augas aguanta, porque iso foi montado sobre un prado e pode haber algúns problemas de que poida ceder o terreo. Por outro lado, di que hai unha partida de 200.000 euros aprobados pola Xunta para a rede de sumidoiros e abastecemento de auga en Cecebre de arriba, que agardan que se inicien agora. E, na obra que se está facendo, di que agora hai un proxecto cunha beirarrúa, que antes non levaba, vaise iniciar e está contratado xa.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que esta obra leva en marcha dous anos. O PP xa rexistrou esta pregunta para o pleno de 25 de setembro de 2008. Nese pleno preguntaron cal era o motivo da paralización das obras da estrada que une Fraís, en Cecebre, con Espírito Santo, un ano despois, preguntan cando van finalizar. Di que hai uns días viron na prensa que o Sr. alcalde asinara un convenio co presidente da Deputación, e preguntalle se faláron deste tema, porque trátase dunha estrada de importancia, co perigo que representa para os veciños, unha estrada que ten varios letreiros que falan de que hai grava solta, esa é a realidade.

Di que é certo que hai un tramo novo, hai un prado, ben, pero hai un tramo que xa era anterior e que está en uso, e pregúntase se alguén se preocupa dese perigo, dunha obra que xa dura dous anos.

O Sr. alcalde responde que é certo que é unha obra que ten problemas, pero que co convenio que hai agora coa comunidade autónoma, hai unha partida de diñeiro para a rede de sumidoiros, e o normal é que se meta esa rede nos próximos tres meses e logo meter o rego. Di que o problema coa grava é algo que é certo que está aí, pero que é da Deputación. Di que teñen o conflito da conexión coa estrada da Deputación, onde haberá que facer un estudo, e onde parece que Xunta e Deputación xa quedaron de manter reunións sobre o tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a pregunta era ben clara, cando van finalizar esas obras, e o Sr. alcalde iso non o sabe.

O Sr. alcalde responde que depende da Deputación.

O Sr. Cubeiro di que esa é a mellor resposta que lles deu en moito tempo, que non o sabe.

Respecto da 2ª pregunta presentada polo PP, don Nicolás Cubeiro Martínez manifesta que xa se debateu amplamente, xa que era polo asunto dos problemas das instalacións escolares.

3ª A marquesiña situada no Temple atópase nun estado lamentable, que xestións realizou o equipo de goberno co fin de conseguir a súa reparación? Ten realizado o equipo de goberno un estudo do resto das marquesiñas do concello?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten entendido que si existe ese estudo sobre as marquesiñas, o que non sabe é o tempo que leva feito e se é cuestión de actualizalo, seguramente si, porque a maior parte dos problemas que adoita haber é por temas de accidentes e vandalismo, e por iso é probable que dende que se fixo o estudo ata a data de hoxe, haxa algunha cuestión máis.

Respecto do tema da marquesiña di que é un tema que ten vido tantas veces ao pleno que xa todos saben de que vai, cando o BNG estaba na oposición xa lles teñen pasado documentación sobre o tema, e supón que o mesmo fixeron co PP, pero se non é así pode volver a pasarse de novo. Di que hai toda unha restra de reclamacións, de peticións, con informes policiais, con fotos, con intervencións de medios municipais para retirar unha parte dos paneis polo perigo que había de que caeran, etc. Ata este momento a resposta que teñen é ningunha. Trátase dunha obra que está sen recepcionar definitivamente e, polo tanto, non é do Concello de Cambre, e mentres tanto non poden intervir nela.

Di que supón que nun prazo razoable, despois dunha nova chamada á Dirección Xeral de Transportes, que pensa que é a competente, o goberno municipal vai ter que adoptar unha decisión, que posiblemente sexa a de asumir a competencia do que outros non fan, e poñerse a revisala eles, porque é certo que non é de recibo que bote máis tempo así. Está claro de quen é a responsabilidade, pero se non o fan, terá que ser o Concello de Cambre o que asuma o seu arranxo, porque é un tema que xa leva demasiado tempo nesta situación.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, solicita que se teñen o informe sobre as marquesiñas que llo fagan chegar, e con respecto á marquesiña, se efectivamente aínda non está recepcionada polo concello haberá que facer algo, porque respecto dos concellos dos arredores nos que hai este tipo de marquesiñas, a de Cambre é a única que se ve neste estado, co cal pensa que algo debe fallar, haberá que recepcionala, ou obrigar á administración responsable a que a arranxe, se é a Xunta, pois entón á Xunta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a petición á Xunta está feita.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel pregunta en que data se fixo.

O Sr. Iglesias Oviedo responde que hai varias peticións, que el ten aí unha de 4 de agosto de 2008, pero que hai máis, e que lle pasará a información porque hai outras máis recentes con algún outro informe. Recoñece que é unha constante dende que levou o primeiro golpe, que xa ten vido ao pleno, pero que hai que ter claro quen é a responsable, outra cousa será que, se non fai caso, o concello terá que asumir que haberá que arranxalo, porque iso así non pode quedar, aínda que terían que entregala en perfectas condicións.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel recoñece que é lóxico, pero que na Xunta antes xa houbo outras persoas, e fixeron o mesmo caso, e todos están igual, e o problema é que a marquesiña está como está.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que calquera persoa que vai comprar un moble ou un vehículo non o recibe se está relado ou roto, este é o mesmo caso, o Concello de Cambre non vai recibir unha obra que está en mal estado, terá que recibila en perfectas condicións para, a partir dese momento, mantela, como fai calquera coas cousas que merca.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que é lamentable que sempre pase o mesmo aquí, porque noutros concellos puxéronse na mesma data e están perfectamente. Di que algún outro fallo haberá á parte de que a Xunta estea gobernada unhas veces por uns e outras veces por outros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el non sabe se noutros concellos os camións chocaron contra as marquesiñas.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11883 o día 11 de setembro de 2009, xunto coa moción e os rogos presentados para este pleno.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que vai ser moi breve, que teñen dúas preguntas referidas ao tema xa tan falado hoxe da educación en Cambre. Di que vai a lelas seguidas porque aínda que pareza que xa están contestadas, gustaríalle darlles lectura.



1ª Sobre as prazas de comedor nos colexios públicos do concello. Os comedores escolares como servizo que oferta a educación pública da Xunta de Galicia, é unha conquista social que consideramos que se debe mellorar e ampliar. Os comedores escolares na actual situación de crise e paro son para moitos/as unha prestación social que se fai case imprescindible.

Como xa era previsible, ao principio do curso escolar, outro ano máis existe unha crecente alarma entre a comunidade escolar de Cambre, debido á caótica situación na carencia de prazas de comedor para nenos/as de tres anos, ao non ter previsto coa suficiente antelación e demandar da Consellería de Educación a solución ao problema que ven repetíndose nos últimos anos.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Cal e a situación actual dos nenos/as que quedaron sen praza de comedor?

Que medidas ten tomado o concello e cales son as alternativas para intentar solucionar o dito problema?

2ª Sobre o persoal de apoio nos centros educativos. Asistimos e observamos con estupor como a nova Xunta de Galicia encabezada polo señor Feijoo segue a facer a política educativa de favorecer aos centros privados eliminando ao persoal dos públicos.

Vemos como a consellería segue a prescindir en colexios do concello do persoal de atención á diversidade, véxase mestres de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Cal é a situación actual a nivel docente nos centros públicos de Cambre en relación a este problema?

Ten pensado o concello facer algo pola educación dos nosos nenos ou limitarse a dicir que esas non son as súas competencias?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que sobre os comedores escolares xa dixeron como estaba a situación, e sobre o profesorado de apoio, dille que cando o 3 de agosto saíron as listas de adxudicacións das prazas vacantes faltaban 3 profesores de apoio nun centro e 1 en cada un doutros dous centros. Fixéronse as reclamacións pertinentes dende os propios centros e subsanouse en parte. Nun dos colexios subsanouse aos poucos días, cando

saíron as listas definitivas. No colexio de Cambre houbo unha serie de protestas por parte dos pais, á parte das reclamacións feitas polo centro, e solucionaron o problema. No outro colexio no que faltaban tres profesores, primeiro solucionaron o tema dun deles, despois logrouse outro máis, e aínda queda pendente o nomeamento dun terceiro, que parece ser si que o van nomear, concretamente pedíronlles un prazo de 15 días para solucionalo.

Don Juan Antonio Fernández López manifesta que vai ser moi breve, por todo o que xa se dixo, polo cansancio e pola hora, pero cre que, evidentemente, é un tema grave, un dos máis graves que poden ter entre nas súas mans. Di que tristemente se congratula de ter preparada unha intervención que ía facer a teor destas preguntas, unha intervención que escribiu ás sete da tarde. Di que son tan previsibles, tan lamentablemente previsibles que el, ás sete poñía na súa intervención que felicitaba aos pais pola paciencia demostrada no pleno, por aguantar a pantomima municipal, onde os grupos que teñen capacidade para arranxar os problemas das familias se dedican a facer politiqueo, tirándose dardos nos medios de comunicacións, pero sen achegar solucións reais aos problemas dos cidadáns. Di que o que sospeitaba ás sete da tarde, agora, case ás once da noite está máis que cumprido.

Continúa dicindo que o que pide é responsabilidade á corporación, agora que xa non hai nin pais nin medios na sala, di que está falando de política real, de nenos con discapacidade intelectual aos que están deixando sen mestres, está falando de que están mirando un modelo educativo-productivo, onde só se prima ao que poida chegar a algo, e no que non teña capacidade para aprender, non vale a pena gastar cartos, eses famosos recortes, en educación para eses nenos, porque ao fin e ao cabo non van aprender, e non van ser nada produtivos. Di que esa metáfora da produtividade ten un nome, que é fascismo.

Pensa que deben evitar esas malas prácticas, deben loitar porque o ensino público sexa de calidade, e porque non veñan agora con receitas máxicas, eliminando aos profesores de apoio que tanta falta fan, e quitándoos de Cambre e enviándoos para outros concellos, que é o que pasou no Wenceslao. Polo tanto, pide responsabilidade aos que gobernan, responsabilidade aos que poden obter algún tipo de apoio, e sobre todo, que deben ter moi claro que se esa xente ten necesidades educativas especiais, son aos que máis hai que favorecer, porque os outros xa non teñen ningún tipo de problema para a súa aprendizaxe.

3ª Sobre o Regulamento de participación cidadá. Dende comezos da lexislatura leva o noso grupo esixindo algo que consideramos un pilar fundamental da democracia, que non é outra cousa que facilitar a participación dos cidadáns nas decisións que lles afectan diariamente, sobre todo na vida política do seu concello.

Quedou sobradamente demostrado en múltiples ocasións nos últimos tempos que é necesario e urxente elaborar e poñer en funcionamento un documento destas características. Este documento como é sabido por todos foi prometido aos grupos municipais para decembro de 2007, sen que ata o de agora saibamos nada sobre a situación do tema.

Por isto o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Ten pensado o novo goberno municipal e concretamente o seu responsable, retomar este tema ou pensan seguir coa dinámica anterior?

Cal sería a asignación económica para levar a cabo o regulamento, con cargo a que partida orzamentaria, e cal sería o calendario de execución?

Don Antón Otero Domínguez contesta que retomaron o tema da participación cidadá e, por exemplo, xa puxeron en práctica o proxecto de rexeneración do Campo da Feira, para o cal abriron o asunto a suxestións da cidadanía. No mes de agosto invitaron a todas as asociacións a unha reunión para explicarlles, máis ou menos, en que debería consistir a concellería, e o plan de traballo para acadar o regulamento municipal.

Di que o obxectivo é conseguir canles de participación para os veciños e veciñas, para a súa implicación e compromiso na vida municipal. Di que nesa reunión se chegaron a unhas primeiras decisións consensuadas con todas as asociacións presentes, para conseguir eses canles de participación, e así o primeiro sería facer moitas máis reunións, para así traballar de maneira conxunta na elaboración do futuro Regulamento de participación cidadá. En segundo lugar, para apoiar ese proceso de traballo participativo, acordouse organizar unhas xornadas de participación cidadá co obxectivo de crear un espazo de encontro e de intercambio de experiencias para todo o movemento asociativo, para iso traerán expertos que ensinen boas prácticas de participación que existen noutras partes do Estado. Tamén se traballarán os aspectos locais e mesas de traballos sectoriais.

Continúa dicindo que, en terceiro lugar, estaría a creación dun espazo web destinado ás asociacións de Cambre que xa están preparando, e supón que a final de ano pode estar listo. En cuarto lugar, a asociación de veciños “A Unión” de Brexo pediu que se creara un directorio de datos básicos das asociacións, para compartilo entre elas e mellorar o traballo en rede, e tamén se está creando esta base de datos.

En quinto lugar di que está a creación dun servizo de asesoría e dinamización de asociacións. Van contratar un servizo técnico que comezará a traballar no mes de outubro.

E, en sexto lugar, estaría posibilitar que as asociacións teñan acceso aos medios de publicidade municipal, mailing, paneis luminosos, e outros que xurdan.

Sobre o Regulamento de participación cidadá estase preparando un documento base que traerá á Comisión Informativa de Participación Cidadá para o coñecemento e participación de todos os grupos, así como para a próxima reunión que se vai facer coas asociacións. Terano á súa disposición para o mes de outubro.

Sobre a asignación económica di que hai unha partida de “Programa e actividades de participación cidadá” de 5000 euros, que practicamente xa está comprometida coas xornadas previstas para o mes de novembro, así como para a contratación do asesoramento e dinamización.

Conclúe dicindo que, respecto do calendario de elaboración, agarda que o regulamento estea listo no último trimestre deste ano, ou no primeiro do ano que vén, para poñerse a aplicalo no segundo trimestre do ano 2010. En canto ás reunións están previstas para os meses de outubro, decembro e febreiro.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a información e di que parece que despois de dous anos polo menos teñen unha información bastante máis clara e concreta. En canto ás reunións que se mantiveron coas asociacións gustaríalle saber cal foi a participación, porque o tecido asociativo de Cambre é amplo, e así poder ver o grao de coñecemento que teñen, e o interese respecto do Regulamento de participación. Tamén di que urxe elaborar o borrador, e que o seu grupo estaría contento se está para o mes de outubro.

Por outra parte, di que xa mencionou no pleno dos orzamentos que lles parecía irrisorio destinar só 5000 euros a esta materia, tendo en conta que se ían atopar con isto, e que como dixo o responsable, esa cantidade xa está practicamente comprometida e imaxina que dentro de pouco haberá que facer outra habilitación de crédito para dotar de diñeiro este tema.

Don Antón Otero Domínguez manifesta que, como se di no deporte, o importante é participar. Di que lle gustaría que houberan moitísimas asociacións presentes, que houbo máis de 15, pero que agarda que na vindeira reunión haxa moitas máis, sobre todo tendo en conta que a reunión coincidiu no mes de agosto, e que xa dende algunha asociación se lle comunicara que non podían asistir. Agardan que si veñan no mes de outubro.

Respecto dos 5000 euros di que para este ano é suficiente, xa que queda cuberto o espazo de participación cidadá tanto coas xornadas ás que se referiu, como co asesoramento ás asociacións, xa que con ese asesoramento o único que se pretende e intentar sacarilles peso na xestión e práctica que teñen que ter, e facilitarlles ese camiño. O que si haberá que pensar é en habilitar unha partida para o ano que vén, este ano para catro meses foron 5000 euros e está fácil botar as contas para o ano que vén.

### **Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11093 o día 12 de setembro de 2009.

1ª Na parroquia de Sigrás, e concretamente en Sigrás de Abaixo, estase facendo unha obra que non garda distancia coa estrada local que dá servizo aos veciños desta zona. Que nos pode informar o goberno municipal con respecto a esta situación?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta obra é unha obra de Fenosa, liña de media tensión, centro de transformación da Xira con licenza concedida e, efectivamente, excederon no contedor onde vai instalado o transformador, excederon os límites que tiñan coa licenza. Di que xa se falou con eles para que corrixan a situación e se adapten á licenza, e segundo as súas noticias xa o comezaron a facer, estiveron recurtando unha parte do muro de formigón que era o que sobrepasaba as medidas.

2ª Para cando poderán os veciños de distintas parroquias do municipio usar as redes de saneamento instaladas fai xa varios anos pola Xunta de Galicia?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hai un conxunto de obras sobre colectores secundarios e bombeos en varios sitios, algunhas son da Xunta e algunhas da Deputación. Aí fundamentalmente a referencia que ten é que a unha gran parte delas, en abril deste ano, dirixíronse varios escritos, a cada unha das empresas ou á Xunta, referidos a cada unha das obras que fixo cada empresa, porque os servizos que levan a xestión da auga fixeron inspección nas obras e comprobaron que había algún defecto ou algún erro, ou que faltaba algunha documentación técnica referida a bombeos, etc.

Di que, recentemente, nestes días, non sabe se saiu xa por Rexistro, volveron reiterar esa demanda, e que ten no seu poder unha boa parte dos informes que fixo Augaservi, e hai defectos moi pequenos, de limpeza e pouco máis, e outros que son xa un pouco de máis envergadura, pero que tampouco hai ningún grave.

Explica que o compromiso é darlle ese último toque á Xunta ou á Deputación para que as empresas entreguen as obras nas condicións nas que as hai que recibir e, en todo caso, axilizar todo para que, canto antes, se poidan poñer en marcha. A resposta exacta da data non se atreve a dala, pero supón que non será en demasiado tempo.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que así sexa, porque hai algunhas que levan bastante tempo paradas e é unha pena que estean feitas e sen poder ser usadas polos veciños.

3ª O argumento que utilizou o goberno municipal de Cambre para celebrar un pleno extraordinario un sábado do pasado mes de agosto, foi a urxencia para poder aboar as subvencións ao tecido asociativo do municipio. Para cando ten previsto o goberno municipal pagar as subvencións ao tecido asociativo e empresarial de Cambre?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o que estaba pendente eran os convenios nominativos, que son os que están vinculados aos orzamentos ou a un acordo plenario. Había tres grandes convenios, un deles coa Federación de clubs de fútbol que xa foi pagado o día 28 de agosto, cun importe de 18000 euros; outro convenio era co Club Ciclista, e foron pagados 22000 euros o día 9 de setembro; e o outro convenio era coa Asociación de empresarios e se prevé que se pague a semana que vén.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que el preguntou cando se van pagar as subvencións ao tecido asociativo e empresarial de Cambre que foi o que o goberno municipal argumentou para facer un pleno urxente en agosto, na prensa e no propio pleno dixeron iso. Di que o tecido asociativo de Cambre non é a escola Sementeira, ou a Asociación de empresarios de Cambre, senón que hai máis de cen asociacións, que constitúen o tecido asociativo, todas esas cento e pico asociacións.

Continúa dicindo que o goberno municipal dixo que para que o tecido asociativo de Cambre non se afundira había que pagar urxentemente as subvencións, e se antes dixeron iso, agora teñen que contestar nos mesmos termos, cando van cobrar todas as asociacións, non lle serve que lle diga que cobraron tres asociacións que teñen convenios asinados, porque hai moitas máis asociacións que tamén teñen as súas historias e que se rexen a través de subvencións, coas bases que se publican no concello, e non por convenios. Di que o goberno municipal falou de todas elas para xustificar facer o pleno nesa data, e agora deben contestar cando lles van pagar as subvencións a todas as asociacións. Parécelle moi ben que cobren esas tres ou catro asociacións, pero as demais tamén están agardando para cobrar. Di que se se poñen esas desculpas para celebrar un pleno un sábado, polo menos teñen que contestar agora cando van poder cobrar as asociacións.

Como xa dixo no pleno, o ano pasado as comisións de festas cobraron en decembro, o último día, e as asociacións aínda cobraron máis tarde, e o ano anterior tiñan cobrado en maio. Se se fai un pleno urxente motivado polo tecido asociativo, quere que se lle diga cando van cobrar.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que o pleno realmente se fixo para os convenios que hai coas asociacións, sobre todo polo club de fútbol, que tiña verdadeiros problemas para seguir en funcionamento. O que o Sr. Marante está a dicir non é exactamente a realidade, e o resto van cobrar máis ou menos como o ano pasado, se pode ser antes de decembro, mellor, como foron adiantando sempre, pero as asociacións teñen que agardar o ano para poder xustificar unha subvención.

Don Manuel Marante Gómez di que non vai entrar en polémica porque lle parece unha tontería facelo con cousas que están aí. Foi o goberno municipal quen o puxo na prensa e quen o defendeu no pleno. Falaron de que o tecido asociativo de Cambre precisaba dese pleno extraordinario un sábado. Non poden vir dicindo agora que iso vai seguir igual, porque entón tamén se podería ter realizado o pleno o luns ou o martes. Di que a realidade é a realidade, e que o pleno o celebraron polo que o celebraron, e non poden vir despois disfrazando o tema. Di que deberían dicir que foi para cobrar os seus soldos e punto. Non dicir agora que as asociacións sigan agardando como sempre, porque todas son asociacións que están traballando no concello, o mesmo que as que teñen convenios, e ao mellor é que non tiveron tantos amigos como tiveron as outras para facer as cousas.

Conclúe dicindo que para iso que non digan as cousas que din na prensa, que digan que celebraban o pleno porque lles daba a gana, ou porque tiñan tres convenios que sacar adiante, pero que non metan a todos no tema cando só era para tres. Di que xa está ben.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica M<sup>a</sup> Otero López